


lois pereiro

Suplemento das Letras Galegas

Xornal de Galicia, 15 de maio de 2011



O necesario vento dun poeta de culto

O 17 de maio deste ano encheu todo o calendario. A figura de Pereiro converteuse nunha constante cultural e social nun ano cheo de actividades ao redor dun autor único e singular no sistema literario galego

O

● ALBERTO RAMOS/IAGO MARTÍNEZ

26 de xuño de 2010, o plenario da Real Academia Galega reuniuse na sede da rúa Tabernas para decidir o nome do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano. Varios eran os autores que se barallaban e, finalmente, Méndez Ferrín compareceu antes os medios. Lois Pereiro foi o escollido. A sorpresa debuxouse na cara dos xornalistas alí convocados e tamén na dalgún dos académicos. Na faciana de Rivas xurdira outro aceso, perdido entre a satisfacción e a ledicia. A súa proposta conseguira o apoio dos académicos e comezaba, nese preciso momento, a homenaxe a un amigo e compañeiro que falecera o 24 de maio de 1996. A homenaxe e algo máis.

Pereiro publicou en vida dous libros individuais: *Poemas 1981-1991* e *Poesía última de amor e enfermidade*. Ambos os dous títulos chegaron ás librerías da man de Edicións Positivas, selo que puxeran en marcha Xelís de Toro e Francisco Macías. O primeiro libro do seu catálogo era a estrea de Pereiro como autor individual. *Poemas 1981-1991* apareceu en 1992, pero a carreira literaria do escritor monfortino comezara dezasete anos antes. Os seus versos e os seus escritos viron a luz en diversas revistas na década dos setenta e dos oitenta. Dese xeito, Lois Pereiro converteuse nun autor de obra espallada e pegado á cultura urbana.

A súa estrea literaria chegou coa revista *Loia* en 1975. Aquela publicación puxéranla en marcha os membros da diáspora galega en Madrid. Manuel Rivas, Xosé

Manuel Pereiro, Antón Patiño, Menchu Lamas e Delfín Mariño entre outros fundaron a

revista na que Pereiro publicou máis de vinte poemas en catro números. Aquel grupo seguía, dalgún xeito, a tradición de colectivos da cultura galega na diáspora. Unha tradición que entrocaba co grupo Brais Pinto, que incluía—entre outros— a Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Fernández Ferreiro ou Reimundo Patiño. Este último era o enlace xeracional, xa que colaborou na revista *Loia*.

Xa nos oitenta, foron *Dorna*, *Trilateral*, *Das Capitales* e *La Naval* as cabeceiras que acolleron os seus artigos e textos. A súa obra seguía espallada á espera de que unha editorial publicase o seu primeiro libro. Naquela época intentouno cunha obra titulada *Éter ou Mecánica de espectros*. Non obstante tivo que agardar e conformarse con ver os seus poemas publicados nas revistas e nas antoloxías dos anos oitenta. De especial relevancia foron as dúas escolmas que se publicaron do colectivo De Amor e desamor. Na Coruña dos oitenta, Pereiro entrou en contacto cun grupo de poetas que decidiron axitar as augas estancadas da cultura coruñesa. Lois compartía recitais de gran repercusión e resposta social con poetas como Miguel Mato, Manuel Rivas, Lino Braxe, Miguel Anxo Fernán-Vello, Pilar Pallarés, Xosé Devesa, Xulio Valcárcel, Xavier Seoane e Salinas Portugal. A unión entre eles reducíase ao interese pola poesía, a cidade da Coruña e

2011





EDITORIAL

Punto de inflexión nas Letras Galegas

ESTE ANO É UN ANO PARA LEMBRAR. Dentro dun tempo, quizais, os libros de texto dos colexios simplemente recollerán nunhas liñas que o 17 de maio de 2011 estivo dedicado a Lois Pereiro e que, ao longo do ano, se reproduciron unha longa serie de actos e actividades cun significativo apoio popular e social. Ese resumo será axustado á realidade e puramente academicista, pero inxusto. O Ano Lois ten todos os trazos para se converter nun fito para lembrar no futuro por varias cuestións. En primeiro lugar, este 17 de maio podería significar un punto de inflexión. A Academia Galega realizou unha aposta arriscada e innovadora da man de Rivas.

A aposta foi arriscada no senso de que se canonizaba un autor que, en moitos sentidos, estaba á marxe das liñas tradicionais da literatura galega. O ámbito institucional admite un *outsider* e un poeta que tiña moito de mito. Ademais, poderían aparecer diversas correntes críticas que visen con malos ollos renderlle a máxima homenaxe do sistema literario e cultural galego a un home de pouca produción. As críticas apareceron e as respostas, tamén. “Hai que ter unha alma cativa para valorar a literatura ao peso”, repetiu en varias ocasións Xosé Manuel Pereiro, irmán do poeta. Cuantitativamente pódese dicir que a obra de Lois é breve, máis non incompleta ou inacabada. A súa escrita conformou un conxunto literario redondo, completo e único dentro das letras do país. Non hai moitos autores como Pereiro, cun corpus poético completamente autónomo construído a base de referencias populares e dos movementos da súa época que moitos intentan definir como “contraculturais”.

A Academia tomou esta decisión arriscada e converteuse, quizais de forma inconsciente, no desencadeante dunha implicación popular e social sen precedentes. Non houbo moitos Días das Letras Galegas que se espallasen ao longo do calendario con homenaxes que ían moito máis aló dos actos florais e das lecturas baleiras da súa obra. Á resposta editorial –de maior calado do habitual, con reedición das obras coñecidas e a publicación de textos inéditos– uníronse concertos, pasarrúas, espectáculos teatrais, recitais, videoocreacións, grafiti nas rúas, recitais nos bares e unha morea de iniciativas que non se producirían se o escollido pola Academia fose outro.

Toda esta actividade, este amplo dinamismo, prodúcese nun momento crucial para a cultura do país. A crise económica, ademais dos seus efectos directos, está a ser a escusa para unha redución sistemática do apoio á cultura galega e en galego. O tecido cultural –construído nas últimas décadas grazas a un traballo colectivo– estase a desfiar pola crise, o desleixo, a inconsciencia e a falta de compromiso institucional. Nesas circunstancias, Lois Pereiro foi un revulsivo para un país e unha cultura que está a ver como a súa lingua propia sofre o maior retroceso dende o Rexurdimento. Un retroceso que, por vez primeira dende a Autonomía, se desentendese do propio Estatuto e minoriza un idioma que segue a loitar pola verdadeira normalización. ●



Gonzalo Canedo
Editor

En las noches más hermosas

A PRINCIPIOS DE LOS OCHENTA, A Coruña era una ciudad efervescente en la que más que nunca se reflejaba esa canción popular que dice: “Vivir na Coruña que bonito é, / andar de paranda e dormir de pé, / e dormir de pé, e dormir de pé / vivir na Coruña que bonito é”. Franco ya comenzaba a ser un recuerdo lejano, y las tentaciones involutivas parecían totalmente descartadas después del fracaso del 23F. Felipe González y sus jóvenes nacionalistas de izquierdas, como los definía la prensa internacional, empezaban a inyectar aire fresco y libre a una sociedad que lo aspiraba a grandes bocanadas, deseosa de olvidar cuanto antes la *longa noite de pedra* tan bien definida por Celso Emilio Ferreiro.

En Madrid comenzaba a gestarse “la movida”, ese movimiento cultural y popero del que a menudo se dice que sólo fue agua de borrajas, pero del que surgieron pintores, fotógrafos, poetas, cineastas, directores de escena, músicos y diseñadores que en un número muy importante siguen manteniendo una gran influencia treinta años después, y que en algunos casos aún son el referente fundamental en muchos de los campos de la cultura española.

En el noroeste, una vez atravesado el “telón de grelos”, no nos conformábamos con ser meros espectadores de lo que ocurría en Madrid. Galicia también quería ser parte de ese movimiento que comenzaba a calar entre los sectores más jóvenes de la sociedad española. Y entonces se produjo el milagro: por una vez, la respuesta a Madrid no procedía de su eterna rival, Barcelona; la alternativa a Madrid y su movida se producía en esa tierra extraña, brumosa y casi incomunicada con el resto de la península. Si en la capital de España surgía una revista como *La Luna de Madrid*, A Coruña le contestaba con *La Naval* o *Luzes de Galiza*, y Vigo con *Tintimán*: si vosotros tenéis una, nosotros tenemos tres. Si en Madrid la música pop explosionaba en multitud de grupos, Galicia le respondía con los grupos de rock más vanguardistas y tocacojones que jamás se habían visto en España: Siniestro Total, Radio Océano o Golpes Bajos. Mientras tanto, también incorporábamos a nuestra movida atlántica a grupos portugueses como GNR, y Julián Hernández proclamaba aquello de “Vigo, capital Lisboa”.

A Coruña y Vigo bullían de actividad, y la conexión entre ambas ciuda-

des empezaba a ser constante. Las nuevas generaciones olvidaban las viejas rencillas locales, solamente atizadas por Paco Vázquez o “el compañeiro Soto”, que a los que estábamos pendientes de otras cosas nos parecían dinosaurios, algo más propio del franquismo que de la nueva época que estábamos viviendo. Creo que el tiempo nos ha dado la razón.

¿Qué tiene que ver el poeta con todo esto? La respuesta, considero, está en esa frase en que Manuel Rivas define a Pereiro como “el clásico que tiene la literatura gallega sin saberlo”. Como he dicho al principio de este artículo, en la década de los ochenta A Coruña era una ciudad que no quería dormir. Los menores de treinta años y algunos otros que sobrepasaban con creces esa edad abarrotábamos los bares y las calles de la zona del Orzán, y entre todas las personas que poblábamos las noches más hermosas que hasta entonces habíamos vivido había una que destacaba con especial intensidad: Lois Pereiro.

Lois siempre aparecía y desaparecía de repente; no era de los primeros en llegar ni de los últimos en marcharse. Su presencia cambiaba el ambiente: a medida que se iba acercando a los grupos que se formaban al amparo de la noche, de las copas y de los porros, uno notaba que todo iba cambiando, sin que aparentemente nada lo hiciera. Todas las miradas convergían en el punto donde él se situaba y se sentían atraídas por sus ojos de profundas y melancólicas honduras rosalianas. Apenas conocíamos su obra —algunos poemas sueltos en algunas de las revistas que antes he mencionado y poca cosa más—, pero ya entonces se decía que era el poeta más importante de su generación. Ninguno de nosotros sabía que Pere Gimferrer, en el año 2011, escribiría sobre él: “Para todos nosotros, Lois Pereiro conquistó, con palabras estremecidas y estremecedoras, la luz del ser, tras haber conquistado antes el ser del mundo”.

Nosotros éramos los primeros pobladores de ese mundo y aún no lo sabíamos; pero por su intemperalidad, su lenguaje descarnado y directo, su sensualidad, su ausencia de diminutivos, la sinceridad que pone en cada uno de sus versos, por la manera en que moderniza el gallego y lo eleva a cotas inéditas en los poetas del siglo XX introduciéndolo en el XXI, aunque él no haya podido vivirlo, por todo eso nos gusta ser parte de su mundo. ●

Silueta de Lois Pereiro, tirada dunha instantánea do fotógrafo Vari Caramés

as súas ansias por reactivar a cultura. Á marxe diso, cada quen marcaba as súas propias liñas literarias.

As pautas de Lois Pereiro viñan marcadas por un fondo coñecemento da cultura centroeuropea e por unha gran paixón tanto pola música como polo cinema. Eses elementos conformaban unha idiosincrasia propia e única dentro da literatura galega do seu tempo e convertérono, á vista de todos, nun poeta popular. “Era un planeta autónomo dentro do universo literario galego”, explica o escritor Fernán-Vello. Esa autonomía iniciouse en Monforte a través dos seus propios intereses e inquietudes culturais e acentuouse coa súa estada en Madrid, os seus estudos de varios idiomas e coas súas viaxes por Europa. Como sospeitoso habitual do InterRail, Pereiro viaxou a finais dos setenta e comezos dos oitenta a Edimburgo, Xenebra, Francia ou Berlín. Nesta última, Pereiro —acompañado de Piedad R. Cabo, que sería a muller máis importante da súa vida— entrou en contacto directo co movemento punk que vivía todo o seu esplendor nun Berlín aínda dividido. Aquela estética xa a vira en Edimburgo anos antes.

INFORTUNIO E FIGURA TRANSGRESORA

Pereiro converteuse, co paso do tempo, nun autor de culto por varios motivos. Un deles foi, precisamente, a súa obra dispersa e a súa primeira publicación serodia. O seu traballo, repartido en distintas revistas que agromaban nun tempo de cambio e de reconquista de liberdades, converteron a Lois Pereiro nun referente que se foi axigantando na cultura underground debido á súa vida regada polo infortunio.

En 1981, Pereiro convértese nun dos miles de afectados do envelenamento masivo polo aceite de colza desnaturalizado. O monfortino intoxícase en Madrid e comeza a experimentar os primeiros síntomas. A perda de masa muscular afectou o seu aspecto físico e a súa estética. Ao mesmo tempo que iniciou un calvario médico, Pereiro tivo que enfrontarse tamén cunha loita xudicial para ser recoñecido como un dos milleiros de afectados dun dos maiores escándalos do inicio da democracia. Finalmente, Lois foi considerado como outra vítima e comezou a recibir unha pensión. A súa saúde e o seu aspecto estarían xa marcados para sempre polos efectos do envelenamento. A súa relación coa colza rematou cunha coincidencia final e que afondaba no infortunio. O día



que se facía pública a sentenza definitiva do caso da colza, Lois Pereiro falecía no Hospital Juan Canalejo da Coruña. Era o 24 de maio de 1996. Meses antes, Lois Pereiro escribira para *Luzes de Galiza* un texto titulado *Modesta proposición* que se converteu nun manifesto de conciencia política e compromiso ideolóxico.

Ao mesmo tempo que comezaba a manifestar os primeiros síntomas pola intoxicación, Pereiro iniciaba unha adicción á heroína. O envelenamento, xunto co *cabalo*, e a enfermidade da sida—que lle foi diagnosticada en 1994— foron tres elementos que marcaron a vida de Lois e que, en certo xeito, remarcaron o seu carácter de autor de culto. Xurdiron, xa dende os oitenta, algunhas etiquetas e tópicos que se foron espallando na cultura galega. Escritor transgresor, poeta punk, poeta underground, poeta maldito...

A vida e a obra de Lois Pereiro constitúen os alicerces dun autor popular e con conexións coa súa época. Vínculos directos e enriquecidos por unha ampla cultura que o levou a escribir a obra xusta coas palabras necesarias para ser recoñecido neste ano primeiro a nivel institucional e despois, a un amplo nivel social. A Academia soprou en xuño para pronunciar o seu nome. Comezaba así un Vento Lois, un furacán, un temporal de aire fresco, que foi enchendo de versos de Pereiro todo o calendario e todos os recantos de Galicia. O Día das Letras Galegas recibiu un impulso que non se lembraba nos últimos anos. Un impulso necesario para reivindicar un autor único e singular no sistema literario do país. ■

Gonzalo Canedo dirixe a editorial Libros del Silencio, que vén de publicar a obra completa de Lois Pereiro traducida ao castelán en edición bilingüe.


Un testamento literario inédito durante quince anos

Rescatar das hemerotecas unha obra como 'Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha historia universal da infamia' xustifica en por si un Día das Letras Galegas. Contodo, o ano dedicado a Lois Pereiro empezou con outra descuberta. Edicións Positivas, o selo no que o de Monforte publicara os seus dous primeiros libros, 'Poemas 1981/1991' (1992) e 'Poesía última de amor e enfermidade' (1995), tirou do prelo a finais do ano pasado 'Conversa ultramarina', o seu testamento literario, que ficara inédito durante máis de quince anos.

O libro, editado por Hugo Martínez, recolle as cartas que Lois Pereiro lle escribiu a Piedad R. Cabo, axeito de diario, ao longo de varios meses de 1995, mentres a que fora a súa compañeira sentimental durante boa parte da súa

mocidade pasaba unha tempada en San Francisco, nos Estados Unidos. Máis alá do seu interese biográfico, fundamental para quen investiga esa perspectiva sobre o complexo 'vidaobra' de Pereiro, 'Conversa ultramarina' funciona como unha versión en prosa, e anotada, de 'Poesía última de amor e enfermidade'. Non revela nada esencial sobre a figura homenaxeada este ano pola Real Academia Galega, pero constata que hai na palabra poética do autor de 'Náufragos do paradiso' un convite ao biografismo.

A palabra de Lois Pereiro sostense de seu, non necesita da biografía civil do autor. Próbao a recepción: os 'loisistas', como se autodenominan agora algúns dos apaixonados lectores do monfortino, éranos antes de saber unha soa palabra da peripecia de Luís Ángel Sánchez Pereiro máis alá do mito, da épica, do relato da vítima fatal do aceite desnaturalizado de colza no Madrid de 1981. Con todo, para unha poesía escrita en primeira persoa da verdade, a chegada de 'Conversa ultramarina' constitúe, amais dunha



'Conversa ultramarina'

Lois Pereiro

POSITIVAS, 2010

15 euros

118 páxinas

lectura magnífica, unha eficaz ferramenta de interpretación e resemantización.

É unha mágoa, como comentaba hai pouco a Xornal de Galicia o poeta e tradutor Daniel Salgado, que o ano dedicado a Lois Pereiro remate sen unha versión canónica desta 'Conversa ultramarina' e sen unha obra verdadeiramente completa. O esforzo máis ambicioso neste segundo campo fíxoo a editorial catalá Libros del Silencio nunha edición bilingüe galego-castelán, á que só lle faltan algúns artigos dispersos –reunidos por Xerais en 'Modesta proposición e outros ensaios'–, pero non hai ningún volume similar en lingua galega. Polo que respecta ao testamento literario de Pereiro, sorprende que Positivas e Libros del Silencio manexasen versións parcialmente diferentes.

Talvez a nova vida de 'Modesta proposición', emparentada de súpeto co ronsel de panfletos aparecidos á calor de 'Indignádevos!', consigna para un tempo de reacción ou barbarie, poida compensar estas carencias. Iso sumado á posta en valor da obra en prosa e dos varios intentos de reconstruír a biografía, de maneira máis ou menos científica, máis preto ou máis lonxe do xornalismo, dun dos mitos máis poderosos da literatura galega contemporánea. ● I. M.



Un poeta da estirpe de Manuel Antonio

Lois Pereiro viviu 38 anos. A súa vida estivo marcada pola poesía, pero tamén pola enfermidade. Na súa adolescencia monfortina verbalizou unha impresión que tiña moito de profecía de infortunio: “Quero escribir un libro e morrer novo, como Manuel Antonio”

● ALBERTO RAMOS

Na habitación 627 do anteriormente chamado Hospital Canalejo da Coruña, cumpriuse o 24 de maio de 1996 unha profecía que alguén pronunciara na súa adolescencia monfortina: “Quero ser como Manuel Antonio, escribir un libro e morrer novo”. Lois Pereiro era o dono desas palabras erradas e acertadas ao tempo. O poeta monfortino morreu novo, como Manuel Antonio, pero a súa obra superou o único título. Esa comparación regalouna o propio poeta: “Como Manuel Antonio”. A súa vida e os seus biógrafos seguen esa frase cargada de misticismo literario e proverbial infortunio. “Na literatura galega, como me dicía Antón Figueroa, hai moi poucas posicións como a de Lois Pereiro, poucas posicións críticas e poucos autores da que se pode chamar a estirpe dos escritores libres, a estirpe de Manuel Antonio”, explica Iago Martínez, autor da biografía *Lois Pereiro, Vida e obra* (Xerais, 2011).

Lonxe de Rianxo, moi lonxe dos mares de *De catro a catro*, a vida de Lois Pereiro comezou no interior de Galicia, entre “a néboa en Monforte fumadora de opio”, que dicía o propio autor no seu poema “Remorsos”. O 16 de febreiro de 1958, día do Entroido, nace Luís Ángel Sánchez Pereiro. Era o segundo fillo da mestra Inés Pereiro Pontón e Manuel Sánchez Vila, avogado e dono da cristalaría La Galaica. Os dous pais eran do Incio.

Aquel neno chamado Luís Ángel, que despois se convertería en Lois, tiña un irmán maior: Xosé Manuel Carlos. As súas vidas transcorrían paralelas ao longo das décadas até separarse nesa habitación do Canalejo en 1996. Ese paralelismo vital, que non excluía a súa irmá pequena Inés, comezou cun achegamento moi novo á lectura. A nai mestra ensinoulles aos seus fillos a ler dende moi nenos. Xosé Manuel aprendera aos tres anos e Lois tardaría un chisco máis. As súas personalidades eran diferentes, pero complementarios. Xosé Manuel era máis rebuldeiro, máis inquieto. Pola contra, Lois vivía ao seu propio ritmo, semellaba máis reservado.

En 1962, Xosé Manuel entrou no colexio dos Escolapios. Un ano despois faría o propio

Lois. Os dous eran bos estudantes e tamén practicaron varios deportes. No caso de Lois, o balonmán foi unha actividade que lle durou pouco máis dun ano, pero que compartiu co seu amigo Fernando Otero. Coa chegada do bacharelato, o interese dos dous irmáns polas lecturas infantís foi substituído por obras máis fondas. Ademais, comezaron a descubrir a Fole, Pimentel ou o propio Manuel Antonio. Eses autores comezaron a coller forma nas súas mentes ao mesmo tempo que a súa lingua pasaba do castelán inculcado pola educación da nai a un galego de convicción, herdeiro da fala que escoitaban no Incio.

Nesa transformación lectora tiveron moito que ver as librarías Balado, Mapa ou Xistral. Esta última converteuse nun templo de referencia para Lois Pereiro, xa que ao outro lado do mostrador, entre moreas de libros, se atopaban Manuel María e Saleta Goy.

PIEDAD E MADRID

Ademais de co seu irmán, Lois compartiría lecturas con amigos e persoas que se converteron en parte indisoluble da súa vida. Unha delas, quizais a máis importante, foi Piedad R. Cabo, unha rapaza que coñecería fisicamente en 1974, pero que realmente estivera ao seu carón dende que nacera. Compartían gustos, inquedanzas, esperanzas. Quizais compartían unha mesma alma ou, como pouco, tiñan dous espíritos moi semellantes que se mantiveron pegados durante toda a vida.

Lois e Piedad coñecéronse da man de Ramón Raíces pouco antes de dar no mesmo instituto para cursar COU. Comezaron como amigos compartindo lecturas, gustos cinéfilos e musicais. A súa mocidade moveuse entre as mareas da literatura, da cinefilia e da megalomanía até callar nunha relación de parella. Un ano despois de coñecerse, Lois marchou para Madrid a estudar Socioloxía. Piedad, que repetira curso, quedou en Monforte. A separación durou pouco máis de dous meses. O mozo Lois abandonou Socioloxía e volveu

despois dunha primeira estada en Madrid que rematou en naufraxio. Piedad mesmo pensou que fora a causante do retorno.


Naquela época, o seu irmán Xosé Manuel estudaba xa en Madrid Ciencias da Información na Complutense. Alí entrara en contacto con Manuel Rivas, Raimundo Patiño, Antón Patiño, Menchu Lamas, Fermín Bouza e outros intelectuais na diáspora madrileña nunha época de cambio, din que de transición. Xosé Manuel convidou a Rivas a pasar uns días a Monforte. Aló coñece a Lois, ao entrar na cristalaría da familia. Nesas días comeza

outra amizade que marca o poeta monfortino. “Rivas foi amigo, admirador e, un pouco, padriño, protector e anxo da garda de Lois”, explica Iago Martínez. Esa amizade comezou fisicamente, pero intelectualmente arrincara antes co primeiro número da revista *Loia*, que puxeron andar Rivas e Pereiro coa participación de Antón Patiño, Menchu Lamas, Delfín Mariño e con destacadas colaboracións como a de Raimundo Patiño, quen lles cedeu un mítico texto de Xohán Casal, titulado *O campo das ratas*. En total, saíron catro números desta revista –un por ano, entre 1975 e 1978–. No número un de *Loia* aparecen os primeiros catro poemas que publica o poeta. Nos outros tres números apareceron repartidos 21 poemas. En total, *Loia* publicou 25 composicións súas.

En 1976, Lois retorna a Madrid para estudar na Escola de Idiomas, e Piedad matricúlase en Xornalismo. A partir dese ano, o poeta forma parte do consello de redacción de *Loia*. Faino dende a sombra, sen facer ruído e compartindo vivencias cun grupo que, como o Brais Pinto, tivo que atopar en Madrid o que andaban buscando en Galicia.

A parella compartiu horas de cine na Filmoteca Nacional e vivía rodeada de concertos, cine e cambios políticos. A finais

‘A palabra exacta. Biografía de Lois Pereiro’
Antón Lopo
GALAXIA, 2011
10 euros
187 páxinas



‘Lois Pereiro. A urxencia poética dun futuro alleo’
Mercedes Queixas
LAIOVENTO, 2011
12 euros
85 páxinas



‘Lois Pereiro. Vida e obra’
Iago Martínez
XERAIS, 2011
16,15 euros
176 páxinas



dos setenta, despois dunha primeira viaxe a Andalucía, convertéronse en sospeitosos habituais do Interrail. Edimburgo e Amsterdam foron algúns dos seus destinos.

En 1981 chegou un punto de inflexión na vida de Lois. Naquel momento, a parella vivía nun piso do paseo de Estremadura. Nesa casa vivían tamén os seus amigos Alfonso Couso e Fernando Saco, entre outros, e por alí pasaban, de forma intermitente, Rivas e Xosé Manuel Pereiro. O aceite de colza desnaturalizado meteuse no piso antes de se coar no organismo de Lois. O poeta monfortino converteuse nun dos milleiros de afectados por un envelenamento masivo que se estendeu por todo o estado. Pereiro comezou a entrar nuns hospitais que xa non o deixaron en paz.

“O envelenamento, fisicamente, convérteo nun tolleito. Vai perdendo masa muscular e lastra o seu aspecto e a súa presenza. Todo iso convértese nun elemento determinante na súa vida, na súa obra e forma parte dunha sorte de iconografía”, explica Antón Lopo, autor d’*A palabra xusta. Biografía de Lois Pereiro* (Galaxia, 2011). Pouco antes de se manifestar nos primeiros síntomas do envelenamento, Pereiro iniciara xa o seu “Perfect Day”. A canción de Lou Reed, unha elexía á heronía, fóra unha das súas favoritas e o *cabalo* entrou na súa vida. Non o deixou até 1994, ano no que se lle diagnosticou a sida.



As drogas, o posterior contaxio da sida e, sobre todo, o aceite de colza marcaron a vida de Lois Pereiro até tal punto que o azar quixo que morrese o mesmo día que saía a segunda sentenza polo envelamento. O seu físico resentíuse e, ao tempo que iniciaba unha peregrinaxe polos hospitais, iniciaba un calvario legal para ser recoñecido como un dos afectados polo envelenamento masivo. Finalmente conseguiu o recoñecemento legal e cobrou unha pensión de por vida. Esa intoxicación matou dende 1981 a 1.200 persoas e afectou a outras 20.000.

RETORNO A GALICIA

A enfermidade marcou o retorno de Pereiro a Galicia. Acabárase Madrid. Acabáranse os estudos. Piedad licenciárase e Lois enfrontaba os exames finais co veneno xa metido no corpo. Lois foise vivir á Coruña, ao piso do seu irmán Xosé Manuel. Piedad marchou para Compostela a traballar como xornalista. En 1982, Lois consegue o seu primeiro –e único– premio literario. A asociación cultural O Facho entrégalle o seu galardón polo poema *Atrocity Exhibition*. Un ano despois, Piedad e Lois, xunto a Fernando Saco, recuperan a súa alma viaxeira a bordo do Interrail. Viaxan a Berlín e pasan primeiramente por Barcelona e por Xenebra. En Berlín instaláronse nunha casa *okupa* e entraron en contacto co universo punk. Xa o viran en Edimburgo, anos atrás, pero moito máis

feble. Nun Berlín aínda dividido, o movemento foi unha marea que subía e baixaba polas rúas ante os ollos da parella.

En Galicia, Lois entrou nun grupo poético da Coruña chamado *De Amore e Desamor*. Lonxe de ser unha xeración, conformaba dende a cidade herculina un movemento estimulante para a poesía. “Non era unha xeración, era un grupo de poetas que vivían na Coruña e que decidiron, cunha vontade de colectivo, realizar xuntos unha serie de actividades. Lois era un máis dese grupo”, di Mercedes Queixas, autora da biografía *Lois Pereiro. A urxencia poética dun futuro alleo* (Laiovento, 2011). Pereiro compartiu esa experiencia con Pilar Pallarés, Fernán Vello, Miguel Mato, Xulio Valcárcel, Salinas Portugal, Lino Braxe, Xavier Seoane, Xosé María Monterroso Devesa e Rivas. Ofreceron recitais masivos, como a súa presentación na Fundación Caixa Galicia da Coruña. Edicións do Castro publicaría dous volumes con poemas de todos eses autores. No primeiro, aparecerían trece poemas de Pereiro, e no segundo, oito.

Pouco despois, en 1984, xorde a revista *La Naval*. Pereiro forma parte do consello de redacción, que dirixe o xornalista Suso Iglesias. A publicación, que pechou en 1986, converteuse nunha especie de voceiro do movemento atlantista. Naquela época, o seu irmán –tamén pertencente ao consello de redacción de *La Naval*– formou unha banda de rock, xunto a Santiago Romero, chamada Radio Océano. O grupo publicou un disco, *Nin falla que fai*, en 1986. Nese álbum quedou fóra un poema de Pereiro que musicou Radio Océano: “Narcisismo”. Non obstante, acabou por se converter nun dos temas máis coñecidos do grupo.

A mediados dos anos oitenta –cando Pereiro traballa como tradutor para a TVG e despois de formar parte das Forzas Atroces do Noroeste que levaron a Santander en 1986 as xornadas *Galicia: chove sobre mollado*– intenta publicar o seu primeiro libro individual. Fracasou no seu intento. Baixo un título cambiante –o libro non nato chamouse *Eter* e tamén *Mecánica de espectros*–, Pereiro reunía gran parte dos poemas

Amado na terra

COÑECÍN A LOIS PEREIRO en Santiago a principios da década de 1980. Daquela, xa se albiscaba nel o carisma de quen se movía coma ninguén no subsolo da literatura, lonxe dos circuitos académicos e comerciais. Unha xeración, a miña, comezaba a oír falar daquel poeta de Monforte. Percibíamos entón que os seus versos nos falaban directamente a nós, que compartíamos inquedanzas e referentes, que escoitabamos a mesma música, dende a Velvet e Bowie ata Joy Division –o seu “*Atrocity Exhibition*” deu orixe a un dos máis coñecidos poemas de Pereiro–. Eramos todos membros da primeira fornada da democracia e gozabamos dunha liberdade que nos reconfortaba e que daba pulo á creatividade. Tamén foron anos de excesos, e moitos asomáronse ao abismo e non puideron volver. “This is the way, step inside”.

A morte, e a súa indisociable dualidade coa vida, entendida esta como liberdade plena para sermos nós mesmos, foi quizais o eixe do pensamento e da práctica daquela xeración. Foino seguro para Lois Pereiro, que fixo seu aquel poema de Paul Éluard titulado “La mort, l’amour, la vie”. Eivado no físico dende moi novo polas enfermi-

dades, a morte pasea omnipresente pola súa obra, mais é unha morte da que xorde a vida, da que nace un feroz dezo de amar e de vivir para facer fronte á “batalla que xa sei perdida”. Os versos de *Poesía última de amor e enfermidade*, o segundo e derradeiro libro que Pereiro publicou en vida, falan desa loita con descarnada e ferinte honradez. Canta honradez!

A vida e a morte sempre están aí, xunto ao amor e a poesía. Lois Pereiro entregou a vida a dar forma aos seus versos tendo ao seu lado a certeza de que eran verdade e aplicando dalgún xeito o que dicía Raymond Carver. Que modo de vivir era este? Un modo de vivir onde un home está tan ocupado que nin sequera pode ler poemas? Iso non é vivir. Por iso aquel poeta punk e postpunk, ultramoderno, vangardista, adiantado á súa época, superou calquera tipo de etiqueta: porque foi capaz de vivir pola literatura e para ela, sen reparar en límites, modas e convencións. Porque todo en Lois Pereiro foi unha forma de vivir a arte. Pero tamén foi o caso que a Lois Pereiro, como lles pasa a tantos grandes das artes, lúcido observador desas cousas que non se poden describir, viu a súas glorias escamoteadas ao tempo de vivir.

A Real Academia Galega decidiu apostar por Lois Pereiro para o Día das Letras Galegas do ano 2011. Penso que foi un gran acerto que amosa de cheo a vitalidade da literatura do noso país. A obra de Lois Pereiro contaxia modernidade e convértese nun espello para todos os nosos creadores actuais. A celebración deste 17 de maio contribuírá a botar luz sobre a figura do gran poeta *underground* galego, aínda non suficientemente divulgada, mais sen traizoar nunca o espírito daquel dandi eterno que eu coñecín nun café das Galerías Viacambre de Santiago de Compostela hai moitos anos.

Entón criamos que os seus versos se dirixían só a nós. Hoxe sei que a poesía de Lois Pereiro fala das coitas e ledicias, dos medos e das emocións de calquera ser humano, de segredos eternos. Hoxe sei de certo que Lois alcanzou o seu obxectivo: “Somentes / intentaba conseguir / deixar na terra / algo de min que me sobrevivise”. Hoxe Lois, como desexaba, como Carver, outra vez Carver, pode sentirse, máis ca nunca, amado na terra. ●



Roberto Varela
Conseheiro de Cultura
e Turismo

As orixes no Incio

A familia de Lois ten as súas raíces no Incio (Lugo). O pai era Manuel Sánchez Vila, fillo dunha familia de labregos que estudou Dereito en Madrid aconsellado polo seu pai e o seu padriño. A nai de Lois é Inés Pereiro Pontón, filla dunha familia tamén labrega, pero de orixes menos humildes. Acabarán instalándose en Monforte de Lemos.



Documento de identificación do pai de Lois Pereiro, Manuel Sánchez Vila



Carné de mestra de Inés Pereiro Pontón, nai de Lois Pereiro



1958. O 16 de febreiro, domingo de Entroido, nace no piso familiar do número 39 da rúa Ourense de Monforte de Lemos Luís Ángel Sánchez Pereiro, logo coñecido como Lois Pereiro. O primeiro cativo do matrimonio, Xosé Manuel Carlos, nacera nesa mesma casa o 17 de setembro de 1956.



1965. O 3 de xuño nace, tamén na rúa Ourense, a súa irmá Inés Sánchez Pereiro.



1979. Primeira viaxe no InterRail. Percorre os países celtas nun roteiro literario tras as pegadas dalgúns dos seus autores favoritos. En Edimburgo ve por vez primeira o movemento punk.

Un ano despois, Lois Pereiro viaxa con Piedad a Amsterdam. Á volta percorren a Bretaña francesa a dedo, visitan a casa de Flaubert en Roán e perseguen a sombra de Verne en Nantes. En 1983, xa despois da intoxicación, viaxa con Piedad e Fernando Saco a Xenebra vía Barcelona. Logo pasarían por Viena e Salzburgo. En Berlín instálanse nunha casa 'okupa' e entran en contacto directo co movemento punk. En 1993, viaxa a París e colle un avión por vez primeira.

1975. Deixa Monforte para comezar a carreira de Socioloxía en Madrid. Tras a morte do ditador, antes de rematar o primeiro trimestre, o poeta decide abandonar a carreira, regresar a Monforte e empezar a traballar como peón na cristalaría do pai. Funda a revista 'Loia' con Manuel Rivas e Antón Patiño, en cuxo primeiro número aparecían cinco poemas seus.




1976. Volve a Madrid e matricúlase na Escola Oficial de Idiomas en inglés, francés e alemán.

1982. Gaña o premio de poesía O Facho con "Atrocity exhibition".

1984. Edicións do Castro publica 'De amor e desamor', unha antoloxía poética do grupo homónimo que Lois Pereiro compartía con Manuel Rivas, Miguel Mato Fondo, Pilar Pallarés, Miguel Anxo Fernán Vello, Lino Braxe, Xosé Monterroso Devesa, Francisco Salinas Portugal, Xavier Seoane e Xulio López Valcárcel. Aparece na Coruña o primeiro número da revista 'La Naval'. Lois Pereiro intégrase no concello de redacción.



1986. Viaxa con outros artistas galegos a Santander para participar no Desembarco das Forzas Atroces do noroeste.



1992. En maio, publícase o seu primeiro libro individual, 'Poemas 1981/1991'. É a primeira referencia de Edicións Positivas, un selo acabado de crear en Santiago de Compostela por Paco Macías e Xelís de Toro. O 24 de xullo falece o seu pai, Manuel Sánchez Vila.

1995. Escribe 'Conversa ultramarina', que ficará inédita até decembro de 2010, e 'Poesía última de amor e enfermidade', que aparecerá en Edicións Positivas no mes de decembro.



1994. É internado de gravidade no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, entón Hospital Juan Canalejo, onde se lle diagnostica a sida. Abandona a heroína.

publicados en *Loia*, *Dorna*, *Luzes de Galicia* ou *Trilateral*. As editoriais dixeron "non" e o seu soño de publicar un libro individual adiouse até 1992. Ese ano coñece a Francisco Macías que, xunto a Xelís de Toro, quería poñer a andar un novo selo editorial. Nacía así Edicións Positivas, que estreaba a colección Di-versos co libro *Poemas 1981-1991*. O autor era Pereiro e nel reuníanse todos os poemas

que naceran despois da desaparición da revista *Loia*. O libro foi presentado en Monforte na compañía de Manuel María e Xan Antón Rodríguez Vázquez, concelleiro do BNG. De-se xeito, o autor superou o límite dos libros colectivos e das antoloxías poéticas nas que aparecía, como *Después de la modernidad*, de Julia Barella, ou *Antoloxía da poesía galega erótica e amatoria*, de Xosé Luís Axeitos.

O poeta tentou a mediados dos oitenta publicar o seu primeiro libro, pero tivo que agardar a 1992 para ver editado 'Poemas 1981-1991'

Pouco antes da estrea editorial de Positivas, debutara en 1989 como narrador na revista *Das Kapital*, que publica un relato inspirado no sexto capítulo dunha novela inacabada, *Náufragos do paradiso*, que posteriormente publicaría a revista *Luzes de Galicia* en 1997, un ano despois de morrer Lois.

En 1994, ingresa no Juan Canalejo da Coruña. O seu estado de saúde reséntese nota-

1959

1960

1961

1962

1964

1966

1967

1968

1969

1970

1971

1972

1973

1977

1978

1980



1963. Comeza a estudar no colexio relixioso dos Escolapios de Monforte, onde tamén está escolarizado seu irmán.

1974. Coñece a Piedad R. Cabo, unha rapaza do barrio da estación que fixera o bacharelato no colexio da Divina Pastora.



VIDA OBRA

Envenenamento por aceite de colza desnaturalizado

1983

1985. Aparece 'De amor e desamor II', e na mesma editorial sae o primeiro número da revista 'Luzes de Galiza'. O 24 de xullo comeza a emitir a TVG. Participará na tradución dos guións de varias series moi populares para a canle pública, como 'Kung Fu', 'Dallas' ou 'Espantallo e a señora King'.



1988

1989

1990

1991



1987. Julia Barella inclúeo, acreditado como "Lois S. Pereiro", na súa antoloxía 'Después de la modernidad', publicada por Anthropos en edición bilingüe.

1993

1996. No ir e vir entre o hospital e a casa escribe 'Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infancia', que se publicará ese mesmo ano no número 27 da revista 'Luzes de Galiza'.

O 24 de maio, o mesmo día en que se fai pública a sentenza da colza, falece no cuarto 627 do Hospital Juan Canalejo da Coruña. O seu corpo é soterrado no camposanto de Santa Cristina do Viso.



Un caso con 1.200 mortos, 20.000 afectados e dúas sentenzas xudiciais

En 1981, o caso da aceite da colza sacudiu todo un país que, ao mesmo tempo, intentaba superar o golpe de Estado no comezo dunha democracia demasiado nova. O 1 de maio falecía un neno de oito anos en Madrid. Dez días despois, 141 eran os afectados e había xa seis mortos. O balance final cifrou os falecidos en 1.200 e os afectados en máis de 20.000. O proceso xudicial foi longo e incluíu dúas sentenzas. A primeira en 1989 e a segunda, a definitiva, o 24 de maio de 1996. Ese mesmo día morría Lois Pereiro na Coruña.

Na súa tumba, no camposanto de Santa Cristina do Viso (O Incio), reza o epitafio:

“Unha húmida mensaxe de vida e de furia necesaria”

blemente e acaban por diagnosticarlle a sida. Dalgún xeito, Pereiro sospeita que o tempo se lle está a acabar e en 1995 produce gran parte da súa obra. Entre marzo e xuño escribe, a xeito de diario, unha longa carta a quen fora o seu gran amor, Piedad, que vive en San Francisco naquel momento. Esa carta conformaría a *Conversa ultramarina*, que foi publicada en 2010 por Positivas. Na revista *Dorna*

Lois Pereiro escribiu por encarga de Rivas ao final da súa vida 'Modesta proposición', que publicou a revista 'Luzes de Galiza'

adiántanse os poemas do que sería o seu segundo libro publicado en vida: *Poesía última de amor e enfermidade*, que chega ás librarías en decembro de 1995 en Positivas.

O 31 de xaneiro de 1996 presenta o seu segundo libro no pub Moka da Coruña cun acto que se convertería no seu último recital. Naquela época, entre os ingresos no hospital, escribe por encargo de Rivas *Modesta pro-*

posición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infancia, un texto que se publicaría en *Luzes de Galiza*. Aquela breve peza de ensaio converteuse nun manifesto inzado do pensamento de Pereiro. A habitación 627 do vello Canalejo acolleuno até a súa morte o 24 de maio. A vida e a enfermidade déranlle a razón: morrera novo. Como Manuel Antonio. ■

M

● IAGO MARTÍNEZ

Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro coñecéronse polo acento na primeira asemblea á que os convocaron na facultade de Xornalismo de Madrid. Un da Coruña e outro de Monforte. Daquela, aínda non morrera Franco. En 1975 argallaron xunto a Antón Patiño e Menchu Lamas, entre outros galegos desprazados á capital do estado español, un fanzine convertido xa nun *lugar* da literatura galega contemporánea: *Loia*. Alí publicou Lois Pereiro, o irmán de Xosé Manuel, os seus primeiros poemas, recompilados por Espiral Maior logo da súa morte no volume *Poemas para unha loia* (1996).

Para que serve o Día das Letras Galegas?

Xosé Manuel Pereiro. Se a situación da lingua galega fose a do Día das Letras ou a da música tradicional, habería que falar en castelán para equilibrar. Non sei por que, alguén terá que facer unha tese, pero é un artefacto que conseguiu unha repercusión enorme en moi pouco tempo, e iso que antes de que entrase Rivas a Academia non llo poñía fácil á sociedade [ri]. Todo o que sexa poñer en valor autores que as institucións teñen agochados está ben. Outra cousa é que deba ser ou non festivo ou que haxa que homenaxear vivos.

Manuel Rivas. Nun país onde teñen o seu día o grelo, a ameixa...

X.M.P. E o polo asado!

M.R. [Ri] Hai moitas máis autoridades arredor do cocido en Lalín ca no Día das Letras Galegas. Non vin ningunha no Incio, por exemplo. Máis ben están ausentes. A das letras é das poucas festas laicas que hai en Galicia, e os libros non deixan de ser algo comestible [ri]. Temos que asumir o manifesto antropófago de Brasil, o de Oswald de Andrade. Ter bo dente para as vangardas é unha característica nosa, está no ADN do noso cosmopolitismo. A cultura galega sempre comeu de todo o que é de proveito. Este día, que é algo máis ca un día, ten carácter expansivo...

X.M.P. É un ano, non un día, aínda que desta vez non se declarase oficialmente.

M.R. É significativo que a iniciativa a estea a levar a sociedade. Quen fixo soar a buguina foi a Academia, pero é increíble como se converteu nun movemento social e cultural.

En 2010 houbo un certo boicot, non sei se activo ou pasivo, do nacionalismo parlamentario, e de Novoneyra quedou un pouco descafeinado. Este ano, aínda cunha carga institucional menor, hai máis actividade, e é diferente.

M.R. Ten que ver coa personalidade de Lois, mais tamén cun crecente activismo da sociedade civil, das asociacións, da xente. Hai un proceso de deconstrución por parte das institucións e das autoridades. Xa non é só que non lles interese a cultura galega, senón que está a pasar algo que é cualitativamente moito máis grave: a sensación, dito cunha frase bíblica, de que se está a levantar a man

Lois Pereiro é o antisepulcro: foi un insurxente, na súa vida e na súa obra, e non está afastado no tempo

Mira que non haberá caciques por aí como para os ir buscar na Real Academia Galega

“ ”

Manuel Rivas

“Hai máis autoridades no cocido de Lalín ca no Día das Letras”

AMADOR LORENZO

A DÚAS B

contra nós. Os que máis deberían arroupar están a crear un medio ambiente hostil. Lois dicía que as sociedades crean os seus propios anticorpos, e estamos a ver até que punto é extraordinariamente actual a súa *Modesta proposición*. É o noso *Indignádevos!*. E mesmo en forma de arco da vella, cunha ollada moito máis larga, porque non se limita ao aspecto social ou dos valores políticos, senón que é ética e estética. Tiña razón o vello Borges: toda casualidade é unha cita, unha causalidade, pero non existe ningunha mente nin ningún conciliábulo. As cousas van pasando.

X.M.P. Iso demostra a importancia do Día das Letras: é un ben cobizado. “Si no es al nuestro, no jugamos”. “Si es un tío incómodo y las fotos

no son apropiadas para escolares, no nos interesa”. Forma parte do movemento de forzas. Cando o Día das Letras lle toque a quen fixo discursos para o presidente da Xunta, haberá edicións en cartón de deses discursos, e a min parecerame positivo. Que a cada un o defenda o sector que se vexa afectado.

M.R. Trátase de crear espazos contra o baleiro, contra o baleiramento.

X.M.P. E isto non é a conmemoración dunha derrota, ollo!

M.R. Ao contrario. Case sempre atinou a Academia, dende que o Día das Letras se puxo en marcha grazas a un resistente como Paco del Riego. Comezou con Rosalía, así que xa naceu ben. Está moi ben ter unha condición permanentemente irónica sobre todo, pero

Xosé Manuel Pereiro

“A Lois non
o valoraban
porque escribía
en galego e tiña
mala pinta”

ANDAS

Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro,
do outro lado do cristal

ás veces confúndese esa idea da ironía con estotra de levantar a man. Hai moitas máis cousas esperpénticas en Galicia que si merecen un esforzo irónico e contracultural. Isto para min ten unha condición alternativa. Se non o fan as diferentes asociacións culturais, os ensinantes, asociacións de veciños... Nun intre de crise, de caída do mundo editorial, cando o libro é obxecto dun cuestionamento case metafísico, estamos a falar polo menos dunha ducia de boas obras. É difícil atopar, dende a nosa escala, algo semellante.

X.M.P. O centenario de Miguel Hernández non provocou tanto movemento.

M.R. Nin houbo tantos recitais.

X.M.P. E iso que non hai un comité de planificación quinquenal do Día das Letras.

M.R. Hai aí un aspecto especialmente singular que rompe moitos tópicos: Lois non é referente político para ningún sector da sociedade galega. Non vou dar nomes, pero outros si terían inmediateamente...

X.M.P. O patrón xa feito...

M.R. ...unha corrente disposta a mobilizarse con moita forza porque tería esta condición de referente, de bandeira, de líder. Tampouco é unha persoa cómoda. Ao contrario: é un insurxente, na súa obra e na súa vida. Tampouco estamos a falar de alguén da Idade Media, afastado no tempo. Quero dicir que incómodo tamén é Curros, pero non ten tanta implicación co noso tempo.

X.M.P. Rouco Varela non ha pensar igual.

Se a situación da lingua fose a do
Día das Letras Galegas habería que
falar en castelán para equilibrar

A Academia pon o tema, como
os tribunais das oposicións, e a
sociedade se retrata

“ ”

M.R. Dáse ademais esta situación nun contexto adverso. Lois é o antiseplero. Sempre se fala das Letras Galegas con ese tópico do asunto necrofilo, dos mortos, a santificación... O que temos aquí é o antiseplero.

Lois si que pode ser a bandeira do partido do baixo, a guitarra e a batería. Que importancia ten esa conexión coa cultura popular contemporánea na súa vida e na súa obra con esta maneira de celebralo?

X.M.P. Pensouno ben. Tivo a vantaxe de morrer a unha idade na que aínda podes ser contemporáneo. Aos 38 anos pódese, aos 70 tes máis posibilidades de ser acomodado.

M.R. Ollo, que ultimamente son os vellos os revolucionarios...

X.M.P. Efectivamente, pero á marxe dese acerto estratéxico seu, nin é o poeta dos oitenta nin isto é un revival. Axuda, pero non é iso.

M.R. En Lois está esa compoñente, ese mundo underground, non só como unha estética. Aínda que hai unha compoñente romántica...

X.M.P. Á parte da faceta punk hai outra faceta Oscar Wilde que non está moi traballada.

M.R. ...non estamos a falar dun letrista, con todos os respectos para os letristas. Se no mundo clásico se facía distinción entre o sublime e o humilde, mesmo dende o punto de vista da oratoria, Lois ten ambas cousas: o sublime e o popular. A bomba contra o baleiro é o que leva ese rapaz na arca, a súa equipaxe. Pode impresionar o catedrático de Estética e o mozo que reparte pizzas.

X.M.P. Lois Pereiro non é Sabina. Sabina é un excelente descritor de cómo son as relacións humanas de finais do século XX e principios do XXI, pero en Lois non existe ese elemento costumista. Hai referencias á súa época, claro, pero excede todo iso. Non é unha mera curiosidade, como pode ser a exposición *Desembarco dos 80*. Isto non é unha operación nostálgica. O ano Lois Pereiro funciona porque toca a fibra íntima de moita xente.

M.R. Funciona porque ten esa compoñente de carne. É algo inconcluso. A sensación dunha obra aberta, que serve para falar por nós, pero tamén para transcender.

X.M.P. Non creo que Dunne, cando fixo a tradución ao inglés, tivese a sensación de estar a facer unha antoloxía das fotos de García-Alix. Canta a época na que viviu, pero...

M.R. Estamos nun momento no que tiñamos que poñernos unha estrela e ir con ela por aí. A propia lei do galego no ensino vén sendo iso: pórllas aos nenos o estigma. A *los del gallego*. A forza que temos é a de converter o estigma nun emblema de

honra, como os republicanos en Mauthausen. Fronte a esa situación funciona o recurso tradicional do patriarca, do sabio, que a min me parece lexítimo, está fenomenal cando pensamos en Piñeiro ou

Otero Pedrayo, pero iso tamén nos leva a unha estratexia de xerarquías. O proceso de santificación de Rosalía tamén ten que ver con iso. O de Lois é outra historia, non

entra nesta escala de xerarquía. A súa enerxía vén da súa escrita, como un eros que loita contra o tánatos. Aí si que hai unha identificación carnal co autor.

X.M.P. O exemplo de Rosalía acae ben porque ten ese aspecto de santoral, pero tamén o outro: tocou a fibra da xente. Estaba a santa e estaba a escritora que foi asumida pola xente máis alá das operacións de *marketing*.

M.R. O pobo quedou con Rosalía, é o pobo quen a canta. Lois ten esa condición.

Hai quen cría que dedicarlle o Día das Letras Galegas podía desactivar dalgunha maneira a carga crítica de Lois Pereiro.

M.R. Eu relativizaría un pouco todo iso. Non podemos ser miméticos e pensar que a Academia Galega é o equivalente a institucións de poder que hai noutros sitios. Nin sequera serve o Institut d'Estudis Catalans, onde teñen unha pequena frota de coches. Estamos a falar dunha institución que o ano pasado andaba buscando tellas para a súa sede. Hai que poñer as cousas no seu sitio.

X.M.P. O seu poder máis grande, por non dicir o único, é o simbólico.

M.R. A Academia naceu na sociedade que tiñamos, que é a que temos, onde o galego ten que loitar contra a extinción. Cataluña e o País Vasco xa os dan por perdidos, polo menos na lingua. Saben que alí non van poder facer experimentos, que cada vez o diferencial é máis grande. Galicia, porén, é unha especie de laboratorio de extinción para o conservadurismo. Asociar o institucional coa Academia é un erro de análise. Mira que non hai caciques como para ilos buscar á Academia.

X.M.P. Iso é como o tipo que ten a primeira edición do Quixote e se mosquea porque o reeditan, e enriba en edición ilustrada para nenos. Que lle imos facer!

M.R. Hai unha compoñente elitista aí. Agora que, vai ser de todos? Pois si, vai ser de todos. Como a imprenta. O Día das Letras Galegas tamén é unha ferramenta de democratización da cultura. Que o poder se apunta aquí a todos os enterros? Pois si, pero tampouco vin por aí os alcaldes apuntándose a todos os actos. Lois transmite moita información e non se pode desactivar, comove a calquera.

X.M.P. A súa obra está aí e é a que é. Canto máis se difunda, mellor. O fundamental é que se lea. E iso de que Lois opinaría desta maneira ou da outra é un exercicio de espiritismo.

M.R. Fronte a ese tipo de prevencións e de actitudes vixilantes está a expansión da propia obra, este abrollar insólito nun tempo de crise editorial, que é un abrollar que non ten nada que ver coas institucións senón coas editoriais e os autores, coa xente que mesmo fai por aí graffiti, octavillas, pancartas, discos... Isto rebordou, como a fervenza do Xallas que saltou por riba do

Manuel Rivas

O Día das Letras Galegas é unha das poucas festas laicas que temos, e serve para democratizar a cultura

O pobo quedou con Rosalía, é o pobo quen a canta; Lois Pereiro ten esa mesma condición

“ ”

Xosé Manuel Pereiro

A colza e a heroína teñen tanta importancia na obra de Lois como a sífilis no simbolismo

Tivo a vantaxe de morrer a unha idade, os 38 anos, na que aínda podes ser contemporáneo

“ ”

encoro, e nese sentido si que debería ser un motivo de reflexión en tempos de pesimismo e encollemento.

XM: Con acusacións de subvencionismo...

M.R. Pero se subvencións xa non hai! É difícil atopar casos como o de Lois. É tamén pola súa condición da cuarta persoa do singular, pola súa conexión entre o eu e o nós. Hai autores que son máis do nós e autores que son máis do eu, pero Lois transcende estes debates que ao mellor foron pertinentes noutros momentos e noutras figuras. É evidente que as institucións non lle prestan interese e que saben que non o poden manipular.

X.M.P. Dende o momento en que alguén está morto e a súa obra está pechada, non lle podes facer escribir un soneto á xestión de Feijóo. E logo, outra cousa: o *chupinazo* do ano Lois foi unha cousa nun bar organizada cun grupo de amigos, sen axuda institucional, e o que participou, participou porque lle apetecía. É certo que o Día das Letras Galegas ten unha escaleta determinada e que hai un ritual da Academia, pero se alguén pretende que o Día das Letras se celebre nun alpendre con contrasinal, está no seu dereito.

É curiosa a relación de Lois Pereiro coa perspectiva xeracional. Por unha banda, parece encarnar perfectamente a súa xeración, o seu tempo histórico. Da outra, sabemos que a súa posición foi sempre a dun discreto segundo primeiro plano.

X.M.P. Hai aspectos moi mediáticos que para min teñen tanta importancia como a sífilis en Paul Valéry. Ese tipo de valores de produción, como lle chaman os da tele, desaparecerán pronto porque o que vai quedar é a obra. Aquí estamos descubrindo tantas cousas, hai tantos veos que quitar... Mire, Otero Pedrayo era un señorito, un sabio e escribía en galego. Manuel Antonio era un mariñeiro, era mozo e enriba era independente. Hai que descubrir tantas cousas de todo o mundo! Cada vez que levantas un veo aparece un mundo. Lois Pereiro non é Sabina. Eses elementos están ben, porque

reivindican ou descubren unha época, porque aquí estamos tan afeitados que haxa unha fenda entre o oficialmente existente e o realmente existente que hai que facer unha exposición para lembrar que hai vinte e cinco anos A Coruña era un faro de modernidade. Como aquí non se reivindica nada, cando se fai é a gran descuberta. Lois non estaba metido nun burato rachando o que escribía. O problema tiña a sociedade, que non valoraba esa obra, porque escribía en galego e porque tiña mala pinta. Todos eses compoñentes xeracionais teñen agora o valor da descuberta, pero son a ganga do mineral, que é a súa obra.

Non interpela do mesmo xeito ca outros poetas da súa xeración.

X.M.P. Non sei como interpela os que teñen agora sesenta anos ou os que cumpriran vinte dentro de dez, pero si que interpela os que teñen entre 15 e 50 hoxe. Iso é mérito da Aca-



AMADOR LORENZO

Rivas e Pereiro sosteñen dous barcos a escala xunto á barra do Dársena



demia. Como o papa, sempre atina, porque cada vez que pon o índice sobre un autor, ese autor pasa a estar no foco. O sistema cultural responde ou non responde. Ao mellor pasou o ano Ramón Piñeiro sen que houbera unha reflexión sobre o seu papel, pero iso non é culpa da Academia. A Academia pon o tema, como nos tribunais das oposicións, e a sociedade se retrata diante dese tema. Este ano as expectativas víronse cumpridas. Estará toda a obra completa ao dispor do persoal, haberá interpretacións da súa obra e haberá iniciativas que, ademais das editoriais, achegan a súa figura. O obxectivo, que non remata o 17 de maio senón o 31 de decembro, penso que está cumprido. Que tamén hai que reflexionar sobre certos aspectos xeracionais? Pois si, pero iso forma parte da pouca memoria histórica que hai aquí, sobre isto e sobre todo. Aquí a memoria é de calamar.

M.R. O de Lois foi unha descuberta. Está a ser unha descuberta para moita xente. O que pasa é que é unha descuberta de algo moi especial, que para min transcende as xeracións. Non é unha descuberta histórica. É unha descuberta de algo que está literariamente vivo. É a descuberta dun enigma. Toda gran poesía ten unha cerna de misterio. Non é unha descuberta do que perdemos senón que é algo que forma parte de nós. Máis ca un universo que se expande, Lois é un enigma que irá medrando. Ten que ver coa súa obra, claro, senón estaríamos a falar simplemente dun personaxe curioso, como hai moitos en cada vila. Cada unha ten o seu extravagante.

X.M.P. Eu non vin o presidente da Xunta citando a Lois Pereiro. A Castela, si, pero a Lois Pereiro, non. E tampouco vin a Paco Vázquez pedindo a firma de Lois Pereiro para que o nomeasen Defensor del Pueblo.

Son lecturas prendidas na obra de Lois, colaterais ou secundarias, pero prendidas.

X.M.P. Eu creo que son máis valores de produción ou necesidades xornalísticas de etiquetar ou situar. Os *loisistas* son *loisistas* pola súa obra. Ti non podes facer unha historia da literatura do século XIX sen falar da tuberculose, pero iso era unha circunstancia histórica que ao final na literatura influíu menos que a aparición do automóbil. A colza e a heroína influen nalgúns figuras, na palabra “agulla”, en “cisternas”, pero tampouco é para tanto. Forma parte das súas vivencias e punto. Ten a mesma importancia que a sífilis no simbolismo. Aquí na Coruña estivo oculta toda a contracultura. Pensando no de “Vigo se escribe con uve de Madrid”, case mellor [ri]... Non, agora en serio: parece que a última cousa importante que produciu esta cidade foi o de María Pita. O último motivo de orgullo! E isto non soamente por parte dos malos. Para certas instancias parece que aquí non hai Día das Letras até que llo dediquen a este ou aquel.

M.R. Hai moitos casos así.

X.M.P. Que máis queren para certos autores? O que hai que facer é que estean as súas obras normalmente nas librerías e punto, salvo que se descubra que son enviados do planeta Ariel, que entón habería que facer un simposio. Parecemos aqueles personaxes de Kurosawa, coa bandeira sempre ás costas. ■



Antón Lopo
Escritor e xornalista

O poeta popular

QUE TEN LOIS PEREIRO para que o seu Día das Letras Galegas se convirta nesta eclosión de proxectos insólitos, de romarías, de manifestacións rueiras, de contaxiosa alegría de estar vivos, de necesaria revisión dunha vertente dos anos 80 ignorada? A resposta non resulta fácil, pero é evidente que, dalgún xeito, estaría relacionada co seu carácter popular: o da súa obra e o da súa experiencia vital.

Popular no sentido desa cultura popular contemporánea que fixo de Lou Reed, de Allen Ginsberg, de David Bowie ou do punk unhas iconas xeracionais e que agora inviste a Lois Pereiro no símbolo dunha época expulsada da historia –a nosa propia historia– e recuperada polo efecto terapéutico –sanador, máxico– do 17 de maio, a verdadeira festa nacional de Galicia, a única que se celebra sen –significativas– desconfianzas partidistas, sen receos, sen posos de autoodio: a Literatura engastando todas as pezas da identidade do país. O idioma na sintaxe auténtica da lingua.

Pero Lois Pereiro xa era un símbolo xeracional antes de que a Real Academia Galega, nun acto de audacia e valentía, o elixise en apretada votación para ser canonizado co Día das Letras Galegas. Érao previamente ou, do contrario, non se esgotarían os seus poemarios, nin a súa cara enchería as paredes das cidades nin o seu nome desabillaría os ollos de quen o pronunciaba como quen des cifra un contrasinal máxico.

Foi popular –respectado e admirado– nesas recitais que facía a contragusto, onde non se oía máis que o latexar dos corazóns acompasados polo ritmo abismal das súas palabras. Porque o abismo estaba tamén en nós –no pobo– e ninguén se atreveu a recoñecelo agás el, obsesionado por atrapar, no ruído das almas, a verdade dun destino en extinción.

Porque el levaba tracexado, no seu físico e nos seus poemas, o mapa dunha sociedade omnívora: os accidentes xeográficos da especulación –a colza, a sida, a adicción...–, os precipicios da marxinação laboral, as áreas lacustres do desamor –jata o nome do colectivo De amor e desamor parece, de repente, cortado pola cadencia das súas curvas de nivel– e a lipodistrofia dunha poética que se esgazaba nos poboados de chabolas, nos recunchos sementados polo lixo e o frío interior, no subconsciente dos dogmas. ●

Antón Lopo é autor de ‘A palabra exacta. Biografía de Lois Pereiro’ (Galaxia, 2011)

A reinvencción do lector a través do poeta

A poesía de Lois Pereiro pasa o foco, entre 108 poemas, do autor ao lector, nunha redefinición do concepto lectura e de espectador que esixe un “corpo a corpo” coas súas verbas

“

A

● BÁRBARA G. VILARIÑO

escrita de Pereiro traza un mapa co que orientarse na opresión de estar vivos”: Daniel Salgado, xornalista. “Decepciona a quen quere botar só un vistazo porque demanda unha lectura activa, un corpo a corpo”: Arturo Casas, profesor de Teoría da Literatura da Universidade de Santiago de Compostela (USC). “Desenvolve na súa obra as distintas facetas da aprendizaxe”: Xavier Rodríguez Baixeiras, poeta e tradutor. “A propia linguaxe é a motivación da súa lírica”: María Xesús Nogueira, profesora de Filoloxía na USC. “Recupera para nós, os seus lectores, aquelas caras da vida e da sociedade que nunca vemos na literatura”. Anxo Angueira, docente da Universidade de Vigo.

Partimos de que, en pleno apoxeo das Letras Galegas, xa existen máis lecturas sobre a escrita poética de Lois Pereiro que versos da súa autoría. Dentro desta experiencia lectora a liña partida, o máis relevante é, coma apunta Arturo Casas, non só a orixinalidade da súa impronta dentro do marco galego do momento, senón o espírito renovador de si mesmo ao lector: “Ante todo, el confesábase lector antes que poeta. Non penso que reformulase este oficio, pero si que talvez creou a súa obra na liña de reinventar o oficio de lector, buscando unha lectura agresiva e activa moi contraria á tendencia profesoral que imperaba”.

O propio Lois Pereiro, incesante lector e analítico de si mesmo, na procura infinita da escrita perfecta, confesáballe



‘Poemas 1981-1991’


Lois Pereiro
POSITIVAS, 1992
10 euros
96 páxinas



‘Poesía última de amor e enfermidade’

Lois Pereiro
POSITIVAS, 1995
10 euros
108 páxinas

O poeta pasea entre as casas de Santa Cristina do Viso, a aldea dos seus avós maternos



RAMÓN RAÍCES

á xornalista Ana Romaní nunha entrevista no ano 1995: “Penso que a poesía é un xeito de fuxir da barbarie, todo o que se escriba pode que non contribúa a mellorar o mundo, pero tampouco pode contribuír a empeoralo”.

Cento oito poemas, “o suficiente para constituírse como o poeta que foi”, indica Baixeiras. A idea premonitória de morrer novo e publicar un libro, como Manuel Antonio, viuse matizada no número de obras que crearía, dúas en vida e unha póstuma: *Poemas 1981-1991*, *Poesía última de amor e enfermidade* (1995) e *Poemas para unha loia* (1997). En-

Entre pílulas de brevidade amarga, traducións e a escolla da semántica axeitada atópase o amor nun senso universal

tre pílulas de brevidade amarga, traducións e a escolla da semántica axeitada atópase o amor nun senso universal, a vida, a morte e a enfermidade. Temas, a fin de contas, universais e presentes en toda pegada literaria e artística da historia da humanidade. Que caras conforman e distinguen, entón, a polidráulica poesía de Lois Pereiro?

PALABRA “LINGUAXE”, LINGUAXE DA PALABRA

“Cuspídeme enriba cando pasedes / por diante do lugar no que eu repouse / enviándome unha húmida mensaxe / de vida e de furia necesaria” (*Poesía última de amor e enfermidade*). A mensaxe e a canle, fiándose entre versos, foron o *leitmotiv* dos seus poemas. Segundo Arturo Casas, representa “a experimentación coa linguaxe máis plural do século XX”, debido en gran parte aos seus coñecementos filolóxicos e aos seus labores de tradutor para a TVG. Grazas ás cinco linguas que dominaba, ampliou os horizontes do galego e da poesía en galego nun “plurilingüismo lúdico”, como o denomina María Xesús Nogueira. Esta combinación era un adobío innovador no seu marco, pero o máis relevante queda na súa capacidade de expandir as acepcións dos termos e moldear á súa voz os estranxeirismos.

Parafraseando a Walter Benjamin, todo exercicio de escrita é tradución: no caso de Lois Pereiro, el foi capaz de superar o artificioso da lírica profesoral imperante trasladando a súa propia experimentación da lectura, como sentía o ritmo e as imaxes. Segundo Arturo Casas, “creou poesía nunhas coordenadas xeoculturais que foron

POESÍA

unha anomalía tendo en conta o que se estaba a facer”. Reelaborou e reescribiu os seus poemas, procurando nas súas propias palabras as ideas reflectidas noutras verbas doutras linguas, transmitindo ao tempo todo o marco cultural implícito en cada idioma: cinema underground, a cultura do grafitti que xa comezara a agromar en Europa, a cultura de masas, a música e a actitude punk.

TEMAS CLÁSICOS DE VANGARDA

“Por ti sobrevivir coa forza necesaria / para erixirme en sombra do que fun” (*Poemas 1981-1991*). Pódese albiscar unha brecha nesa unidade dividida da súa poesía, como indica Arturo Casas: “Aínda que só pasan tres anos entre unha publicación e outra, si que se pode percibir un ton renovado coa afectación da enfermidade”. Subliña que a pesar desta diferenciación, “non queda resolto todo o expediente crítico e lector: a sida e a doenza polo aceite de colza non son o que máis clarifica a súa figura, e de feito, pode chegar a ofuscar a quen procure a súa auténtica esencia”. María Xesús Nogueira especifica: “Trata temas universais como a enfermidade, o amor e a morte, pero ténxeos de vangarda dialogando co seu imaxinario de cine clásico ou o punk, de aí que tampouco perda actualidade”.

“Conxugou amor e morte dunha maneira orixinal, que mesmo nese estadio do espello terminativo, fai que o amor venza”, di Angueira

“Conxugando os verbos vivir e amar / en primeira persoa do plural / reducidos ás formas do presente” (*Poesía última de amor e enfermidade*). Para falar de Lois Pereiro, poeta, é preciso falar de Piedad Cabo, da que non pasou distanciado máis de tres meses. Explica Anxo Angueira: “A forza do amor na súa poesía é a súa motivación, o que enche todo. Conxugou o amor e a morte dunha maneira orixinal, que mes-

mo nese estadio do espello terminativo, fai que o amor venza”. Fóra da concepción romántica, percíbese na súa última obra en vida un último alento a un amor universal. Aos seres queridos.

“Se a morte é un incidente necesario / que me penetre calada e sen furia / a traizón e uniformemente cruel” (*Poesía última de amor e enfermidade*). O foco na vida de Lois Pereiro, na súa poesía, pasa pola morte. Paradoxalmente, desde a furia da fraqueza escribe con grande vitalismo, sendo o seu propio corpo

outra das súas temáticas. Arredor del, o latexo do suicidio fiado cunha ironía que revela unha gran consciencia de cada verso, e así, desde o seu epitafio desafiaba a cuspir sobre a súa lápida.

RELECTURA DO LECTOR

“Cal morto xa / ou vencido / falo de min / e durmo no desastre” (*Poemas 1981-1991*). Na publicación non remataba o seu cometido poético. Ler, reler, escribir, reescribir. Catro accións que mutan radicalmente a súa acepción ao engadir o prefixo. O existencialismo levado ao cabo desde a loita semántica ata o espazo final no poema de cada palabra.

A experiencia dos lectores navega na súa poesía, cuxo goce “non se pode considerar algo pechado. Mal asunto se podemos definir a poesía”, esgrime Arturo Casas. A chave: desde a lectura, debuxar coa escrita outro tipo de suxeito poético, establecer outras xerarquías e outro concepto do que importa contar. Á súa vez, este suxeito toma forma dun home discreto que plasmou o canon e o institucionalizado para subvertelo co contrapunto da contracultura – “A cultura contra o simulacro”, matiza Anxo Angueira –. Todo ese punk, os suburbios, Baudelaire e Bernhard, unidos para retar o lector a ese “cor-

po a corpo”, a unha experiencia vivencial case *performática*. Unha *performance* poética imprescindíble – a diferenza do dito por Jean Cocteau –, sabendo para que: desde moi novo deixou plasmado nos seus versos o proxecto poético claro e intenso que tiña en mente, “non só como individuo, tamén dentro da súa xeración foi sempre consciente do lugar que ocupaba”, apunta Baixeiras.

Lois Pereiro, o eterno palimpsesto. Análise tras análise mantense a esencia da súa unidade literaria: modificar a expresión poética desde a linguaxe ata chegar a este derradeiro punto e final. ■

‘Poemas para unha loia’

Lois Pereiro

ESPIRAL MAIOR, 1997

6,95 euros

60 páxinas.




‘Antoloxía poética. Lois Pereiro’

Daniel Salgado

GALAXIA, 2011

11 euros

176 páxinas







‘Lois Pereiro. Poesía completa’

Edición: Ana Acuña

XERAIS, 2011

16,15 euros

224 páxinas



LOIS PEREIRO EN XERAIS
LETRAS GALEGAS 2011

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

en galego todo o tempo

O A B E C

Poeta punk, autor existencialista, escritor maldito, artista underground... Son algunhas das etiquetas coas que se intenta delimitar a Lois Pereiro. As palabras, á hora de definir e resumir unha vida, quedan curtas. Son unha gaiola que limita a realidade de calquera. Lois Pereiro tivo unha vida azarosa e axitada, marcada pola enfermidade. Foi o dono dunha vida complicada, tan complicada como a vida de calquera outro. Dende as súas orixes familiares no Incio até o seu falecemento na habitación 627 do Hospital Juan Canalejo, o monfortino realizou unha viaxe vital con paradas en Monforte, Madrid, A Coruña, Berlín ou Edimburgo. Nalgunhas desas cidades só estivo uns días, simplemente de paso. Outras marcaron a súa traxectoria e estiveron asociadas a palabras como "loia", "colza", "enfermidade", "punk", "envenenamento", "heroína", "música", "cinema"... Centos de palabras que van trazando un retrato seguramente incompleto, pero aproximado. Ningunha vida se pode resumir nun feixe de palabras, pero algúns termos permiten configurar a lenda do mapa vital dunha persoa. O escritor Marcos Calveiro vai máis aló en Xornal de Galicia e emprega o abecedario para tentar debullar –do "a" ao "z" e apalabra por palabra– a vida do escritor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas.

As palabras escollidas por Calveiro foxen da facilidade. Non queda cos tópicos, coas colzas, as enfermidades, os *monfortes* e as loias. Vai máis aló e retrata cunha enumeración de termos a vida do escritor, pero tamén as súas influencias artísticas e as súas inqedanzas culturais. Cada un dos vocablos indican os momentos e as ideas clave que lle permitiron ao monfortino escribir unha poética única dentro da literatura galega Sen as influencias centroeuropeas, sen a cinefilia e a megalomanía, sen as persoas máis importantes da súa vida, Lois non sería Lois. ● XDG


'Lois Pereiro. Náufrago do paraíso'

Marcos Calveiro

XERAIS, 2011

10,70 euros

160 páxinas



Quen é Lois?



Marcos Calveiro
Escritor

A AMOR ausente e vixiante. Amor gris fume. Amor perplexo. Amor de fume ferroviario. Amor feroz, sen destino. Amor de sempre oculto e prohibido. Amor ritualizado. Anunciou que todo Amor é inútil e logo descubriu que no Amor, como na guerra, nunca oímos o tiro que nos alcanza. E o Amor asaltouno sen previo aviso cando el xa non quería defenderse. Porque o Amor resucita ilimitado. Porque o Amor cura.

B BAR. Bares de Monforte, de Madrid, da Coruña, de Compostela. O Sé-samo. O Lechu. O Pixolas. O Manhattan. O Comercial. O Borrazás, O Parrús, O Moka, O Entrerrúas, O Dakar. BERNHARD. Espírito irmán. Contaxio. Dor. Exilio interior. Austria. Enfermidade. Loucura. Morte. BREVE ENCONTRO. Visión dun soño fracasado.

C CASA. Castelo, Castela. O Incio. Santa Cristiña do Viso, Toldaos, Reádigos. CORPO. O corpo é unha paisaxe de batalla: unha carnicería no cerebro. CAR CRASH. Exhibición de atrocidades. Futuros distópicos. Empatía do pasado. Carrozarías metalizadas. J. G. Ballard.

D DOR. Esvaise a Dor e chega o soño. Aquela Dor inmóbil que habitaba as súas noites. A Dor eterna do amor que envenena a alma. A dor que tinge dun odio frío. Maldigo a dor que levo en cada célula.

E EUROPA. Trans-Europa Express. Jim Morrison en París. Punks en Edimburgo. Yeats en Sligo. Pogo en Berlín. Zeca en Lisboa. Joyce en Dublín. EU. El. Eles. Elas. Os demais, sempre os demais. Tería que reanudar-me / e regresar á miña propia vida / sen contaxiarme outra vez de min mesmo.

F FAMILIA. As avoas Balbina e Emilia. Os pais Inés e Manuel. Os irmáns, Xosé Manuel e Inés. Isabel, sangue novo, aire su-reño, máis luz, por fin. Os que o apalparon incrédulos, colléndoo das mans. Os que o amaran morto e o amaban aínda máis vivo.

G Güecho pequeno, Raúl, Reme, Saco, Os Raíces, Geluca, Pepa, Patiño, Rivas, Reixa e tantos outros... pantasma e amigos perdidos no turbillón do tempo. Amigo. (Definición) Alguén a quen axudaría sempre a desfacerse dun cadáver se fose necesario. Cantos tería así, con "A" maiúsculo? Cada vez máis polo que a min respecta; diso estou seguro.

H HANDKE. "Dende que unha vez viviu convencido, durante case un ano, de que perdera a fala, cada frase que o escritor anotaba, e coa que incluso experimentaba o arranque dunha posible continuación, convertérase nun acontecemento. Cada palabra non pronunciada, pero feita escritura, invocaba as demais, e el respiraba sentíndose de novo unido ao mundo; unicamente cun deses apuntes logrados empezaba o día para el, e entón atopábase a salvo, ou así o cría, ata a mañá seguinte".

I Indiferenza. Intolerancia. Infamia. Inxustiza. Ignorancia. Loita, denuncia, que o noxo non se converta en normal. Non, non podemos transixir máis. Xa nos refuxiamos no cinismo demasiado tempo, e a estética ten que ir parella á ética. Hai que entrar ata a cocina das cousas e levar sempre a Filosofía no mesmo peto onde levamos a carteira, a carón do pano e da navalla.

(J) Iota, entre parénteses. Militar na miña propia lingua, "porque me peta e quero e me dá a gaña...".

K Maiakovski. Bukowski.

L Luís Ángel, Luisiño, Luisón, Lois. Loia. Canto eterno dunha terra fráxil.

M MORTE. Na epiderme. En negativo. En decadencia. Morte veciña. En stand by. Coma un incidente necesario. En desfile intermitente. Como o amor, nunca advirte por onde se nos achega. MANUEL ANTONIO. Escribir un libro, morrer novo. Vivir a présa, morrer axiña e deixar un fermoso cadáver. Sexo, drogas e rock & roll. MARCOS. Todos somos Marcos nas selvas Lacandonas do que nos foi prohibido.

N Néboa, fumadora de opio. Néboa de mil noites.

Ñ Soño. Compañía. Camiño. Remuíño. Gadaña. Estraña.

O OPIO. Pena Moa, Carqueixo, O Vao. Pánico en Needle Park. Mulleres de sangue compartido, nas mesmas rúas, Sant Pauli, Papagaio, Saint Denis, Chueca e a Liberdade.

P PIEDADE. a Ti, única desde por e para sempre, fagas o que fagas, ou esteas onde esteas. Piedade. POESÍA. A verdadeira poesía nunca minte, por ferinte que sexa. A Poesía é un feito de fuxir da barbarie. Poemas feitos coa vida e o líquido sangue.

Q Quartermaster. Gadgets e inventos. Madura, 007, madura! Madura, Lois, madura hai que ir cos tempos!

R RAYMOND CARVER. "¿E conseguiches o que querías desta vida? Conseguinte, si. ¿E que querías? Considerarme amado, sentirme amado na terra."

S SILENCIO. O silencio é o que distingue os que aman con espírito suicida. Camiña en Silencio. Non te afastes. Mira o perigo. Sempre o perigo. A conversa Infinda, a Vida reconstruída. Non ten afastes, en Silencio.

T TREN. TINTÍN. TORNASOL. SUITE INGLESA EN SOL MENOR.

V VIDA. Sucesión de luz e sombras. Vida roubada á morte veciña. Indolencia e indecisa. Amarte, vida, amarte case sempre, / inda que sexas dura e leves entremedias / piedade e odio intermitentemente.

W WIM WENDERS. Ritual de xestos e pausas sublimes.

X XARDÍN. Un xardín no Incio, con ciprés, buxos e palmeiras, na casa baleira dos devanceiros. As agullas dos reloxos fican paradas e a choiva esvara dun xeito amoral. Xistral, Mapa, Balado, as selvas adolescentes dun cazador de libros.

Y I grego. A incógnita na ecuación dunha vida. O mercurio inconstante dun pasado que non somos quen de apañar. Fillos dun pasado que nos queima. Un pasado que podrece baixo terra.

Z Fin. Estertor final de quen vos ama. Que a vida non vos sorprenda xamais desprevenidos, calados e neutrais. Loita furia, humor. Amen!

O “planeta autónomo” da poesía dos oitenta

O monfortino explotou como poeta nunha década na que agromaba unha promoción lírica que rachaba, en certo xeito, cos versos galegos anteriores. O escritor vivía esa marea literaria ao seu xeito, con independencia e marcando as súas propias normas

“X

ALBERTO RAMOS

a teño dito que o problema da literatura galega é que é unha literatura demasiado profesoral e iso impide que se entronque coa vida”. Esas palabras, que recolle Daniel Salgado na súa *Antoloxía poética* de Pereiro (Galaxia, 2011), díxollas o escritor monfortino a Ana Romaní nunha entrevista en *Diario Cultural* no ano 1995. Con esas frases, Pereiro amosaba a súa visión poética contraria ás liñas que viñan marcadas dentro da literatura galega. Era un inconformista, que miraba máis aló do que simplemente podía ver ao seu redor. Esas ansias de buscar noutros lares literarios o que lle faltaba aos versos galegos era algo que compartía cos escritores que, coma el, estouparon como poetas nos anos oitenta.

Na que se coñeceu como a xeración dos anos oitenta –onde se podería situar a Lois Pereiro, sempre tendo en conta as súas propias singularidades–, o afán por darlle un xiro á poesía do país era un trazo común e transversal. Nos libros de texto de Literatura Galega, eses que estudan os rapaces, lémbrese que coa chegada dos oitenta e o estoupido das liberdades, unha nova xeración poética rachaba co realismo social que cultivaba a literatura do país. Non obstante, os cambios ían máis aló desa simple lectura. A filóloga e escritora Mercedes Queixas, na súa biografía de Lois Pereiro *A urxencia poética dun futuro alleo* (Laiovento, 2011), establece unha serie de características que definen as novas promocións poéticas do momento. Queixas destaca nese senso que, máis aló da ruptura, tamén había unha vontade de renovación e unha busca literaria que a crítica definiu como neosimbolista, unha apertura temática –inclusión da erótica, da cultura urbana e da sexualidade–, un afán culturalista a partir da apelación a autores doutras épocas e culturas e unha centralidade no eu poético e no mundo interior. “Dese espírito vangardista, rupturista e incorformista vai participar o ánimo creativo de Lois Pereiro”, escribe Queixas na súa biografía do poeta.

‘Dicionario Lois Pereiro’

María Xesús Nogueira

3C3 EDITORES, 2011

11,00 euros

145 páxinas



‘Transgresión e fragilidade’

Miguel el Mato

LAIOVENTO, 2011

11,00 euros

108 Páxs.



‘Lois Pereiro. Achegas críticas’

VV. AA.

POESIAGALEGA.ORG,

2011

De balde

145 páxinas



XERACIÓN

Non obstante, non se pode entender a chamada xeración dos oitenta como un elemento poético illado, totalmente rupturista cos autores que escribían en anos anteriores e que continuaron coa súa literatura nos oitenta e máis despois. Os poetas que xurdiron non se desentenderon por completo de Ferrín, Luz Pozo Garza, Arcadio López Casanova ou García Bodaño. “A poesía dos oitenta comeza antes, grazas ao traballo fundamental de autores anteriores como Ferrín ou López Casanova, que foron marcando unha liña que seguiron os poetas novos”, explica Miguel Mato, profesor e membro De amor e desamor, grupo poético daqueles anos.

O traballo de autores anteriores estaba alí cando comezaron agromar –entre outros moitos– escritores como Fernán Vello, Manuel Rivas, Xulio López Valcárcel, Miguel Mato, Xosé María Álvarez Caccamo, Cesáreo Sánchez, Claudio Rodríguez Fer ou, tamén, Lois Pereiro. A ruptura co realismo social –entendido este tal e como se reproducía en xeracións anteriores– é unha evidencia, pero non había un afán por borrar o compromiso adquirido cunha literatura combativa e definitoria de país. “Rupturas sempre hai, e daquela había unha vontade de facer nova literatura e niso tamén influíu unha gran nómina de autores, pero non só de autores galegos. Agora ben, toda arte ten unha intencionalidade política e na xeración dos oitenta non hai unha deserción do compromiso político. Non había ese realismo social, pero si unha vocación da terra. Ese elemento e a procura dunha renovación estética definían a poesía da época”, di Mato.

Pereiro bebía desas necesidades poéticas nos oitenta, pero –como lembran os seus compañeiros de xeración– ao seu xeito. “A poesía galega era un magma universal no que Lois Pereiro era un planeta autónomo que xiraba coa

súa propia independencia no cosmos lírico”, explica o poeta Miguel Anxo Fernán-Vello. A súa estilística poética e a súa forma independente de ver a poesía procedía, en certo xeito, das súas circunstancias persoais e das súas influencias poéticas. “Lois era un lector moi culto e fomento por lelo todo, moi coñecedor de correntes externas. Era un gran coñecedor da poesía alemá, pero tamén de autores portugueses”, lembra Fernán-Vello.

Ademais, a súa personalidade –entre reservada e tímida, segundo lembran algúns compañeiros de xeración– tamén fomentaba a súa independencia. “Era un home reservado e moi centrado en si mesmo, pero de gran cordialidade”, lembra Fernán-Vello. “Era un tipo tímido, había que animalo para que escribise. Era como Pilar Pallarés, nese sentido de escribir marabillosamente ben, pero precisaba de que alguén o animase”, rememora o poeta e actor Lino Braxe.

Pola súa banda, Miguel Mato tamén lembra o carácter de Pereiro, aínda que sen querer afondar en tópicos sobre a súa personalidade. “Lois non era un home de grupo, el era individualista”, explica Mato, que engade: “Todos eramos, naquel momento e no grupo De amor e desamor, individualistas”. Ese colectivo poético reuniu nos oitenta un grupo de poetas de diferente índole, natureza e características. Non tiñan nin vontade nin necesidade de considerarse unha xeración. “Non naceu como un grupo poético ao uso, xa que había unha diversidade temática e estética patente. Naceu como unha reunión de amigos que quería axitar as mortas e paradas augas da vida cultural da Coruña. Así apareceu este conxunto, que non era un grupo poético determinado”, expón Fernán-Vello.

Ese conxunto estaba formado por Manuel Rivas, Lino Braxe, Fernán-Vello, Miguel Mato, Pilar Pallares, Xulio Valcárcel, Francisco Salinas Portugal, Xosé Devesa, Xavier Seoane e Lois Pereiro. Todos eles mantiñan un carácter propio e unha forma independente de entender a poesía. Partillaban a escrita en galego, a cidade e a vontade de remexer

Lois Pereiro e o soño eterno



Jonathan Dunne
Tradutor e escritor

TRADUCIR A OBRA poética de Lois Pereiro ao inglés foi unha experiencia dura. Achegueime ao último libro con certa trepidación. Que experiencias ía compartir, que leccións había que aprender? Andar con alguén polo camiño da morte non é doado. Ademais, para a publicación en inglés, traducía os seus tres poemarios: *Poemas para unha loia*, *Poemas 1981/1991* e *Poesía última de amor e enfermidade*. Manter o fio –o caso de cada tradución, unha especie de exhalación continua– ao longo dos tres libros foi difícil.

Na tradución somos como o pallaso que levanta no aire ao mesmo tempo catro ou cinco bolsas de plástico, das que se tiran descoidadamente, pasando a se enlearen nas árbores. Expelémolas co noso aire –ese aire que pasa a través de nós como todo nesta vida: o aire, a comida, mesmo a vida, somos todos tradutores– agarrándoas a punto de caeren no chan e volvendo expelelas. Ao redor de nós está o público, expectante, participativo, a tradución por moito que o pareza, non é un feito illado, separado do mundo real, todo o contrario, o mundo quere participar na nosa creación, o mundo é un lugar moi creativo, aunque tenten facer que non o vexamos así, o mundo participa. Ás veces, ao acabar unha tradución, algunha bolsa queda flotando, por moito que tentes facer que desapareza co teu alento, acabado o espectáculo, marchado o público cun xesto de despedida do mestre de cerimonias, que fica de pé ata que saia o derradeiro neno. E a min pasoume co soño, o soño eterno de Lois.

A palabra “soño” aparece na poesía de Lois un total de 31 veces, é unha palabra significativa. O soño é frío, nervioso, agresivo, secreto, escaso e prudente, breve, fracasado, derradeiro, maltratado, condicionado, dérmico, alleo

e repetido –un bo vocabulario para un que se achega por primeira vez á poesía de Lois–. Ten perfil violento, face escura, pasos cegos, desexo e necesidade. Cohabita, pisa en silencio. É o soño do espírito intoxicado de nostalxia, da aparición que se abre as veas en público. Lois matinou moito nel porque o tivo sempre moi presente.

En dúas ocasións, é o soño eterno: “Do Soño Eterno, do *Big sleep*, [facer] outro máis pequeno” (antepoema a “*If I die before I Wake*”); “e ó final sempre a pulcritude doutro ensaio xeral do soño eterno” (poema “VI”, na edición de Ana Acuña). Como fai a miúdo, o poeta cita en inglés. Foi estudioso das linguas, ansioso de cruzar as fronteiras, é dos poetas galegos máis universais. *The Big Sleep* é a coñecida novela policíaca de Raymond Chandler, o pai do xénero en inglés. Traducín a primeira cita: “*Of the eternal or big sleep, [to make] another, smaller one*”. A segunda: “*And at the end the sad pulchritude of another dress rehearsal for the eternal sleep*”.

Foi esta segunda cita que se mantivo no aire, flotando dun lado a outro. “*The eternal sleep*”. Primeiro saquei a novela de Chandler da biblioteca pública de Santiago non porque a lembrase da poesía de Lois, senón porque me apetecía ler unha novela en inglés durante a miña estancia na cidade peregrina. Só na casa decateime da coincidencia. Despois a miña muller, poeta búlgara, escolleu o poema “VI” para lero en tradución búlgara no acto Vento Lois que tivo lugar na Coruña o día 20 de marzo de 2011, sen ser influída na súa escolma. Ao día seguinte a miña tradución entrou na imprenta.

Viaxamos tres días a Madrid. O derradeiro, baixei aos servizos nun restaurante americano, Foster’s Hollywood, onde colgaba un gran cartel da película que se fixo de *The*

Big Sleep, con Humphrey Bogart e Lauren Bacall. A tradución ao castelán desta película: *El sueño eterno*.

Como ía saber que o título da película fora traducido así? Cando ao final do poema “VI” –o poema máis emblemático de Lois– fala do soño eterno, fala dun soño longo, iso si, pero non eterno, fala do *big sleep*, como deixara claro unhas páxinas antes. Non obstante, á miña volta a Santiago, non reaccionei, a tradución estaba na imprenta.

Dous días máis tarde, viaxando en tren dende Vigo a Santiago, a rapaza diante miña lía unha novela que crin recoñecer, aquel exemplar da biblioteca pública de Santiago da novela de Chandler outra vez, en inglés nun tren galego. Seguí sen reaccionar. Era unha casualidade pero traducira a palabra en galego “eterno”, “*the eternal sleep*”. Foi a semana seguinte, cando a miña muller escribía un diario para o periódico *Public Republic* e falaba do mesmo poema de Lois, que decidín facer algo, anque a tradución levaba oito días na imprenta, case seguro que empezaran a imprimir. Enviei un, dous, tres correos á deseñadora do libro, para ver se era posible introducir un cambio ao final do poema, “*the big sleep*” en vez de “*the eternal sleep*”. Incluso estaba disposto a pagar para reimprimir esa parte. Parecíalle pouco probable que non estivese xa impresa.

As luces encendéronse. Os leóns, o trapezista, partiron. Só quedan os restos do público, e o último neno que dende o auditorio le na páxina impresa: “*And at the end the sad pulchritude of another dress rehearsal for the big sleep*”. “*Big*” non é “*eterno*”. ●

Jonathan Dunne traduciu a obra poética de Pereiro ao inglés: *‘Lois Pereiro. Collected Poems’ (Small Stations, 2011)*

a vida cultural galega. Mesmo chegarían a compartir dous libros antolóxicos.

Nese ámbito colectivo heteroxéneo, Lois encaixaba como un máis, independentemente da súa posible timidez. “Integrouse perfectamente no grupo, era un máis de nós”, di Fernán-Vello, que engade que “De amor e desamor significou para el unha reactivación e unha conexión con todo o que escribira antes na revista *Loia*, na súa etapa en Madrid nos setenta”.

Dentro do grupo, algúns dos seus compañeiros vían esa independencia e esa sorte “de planeta autónomo” que posuía Pereiro. Vían nel unha forma única de entender a poesía. “Cando o vías, dábaste conta de que era un ser único, especial e irrepitible. Non estaba só na liga da literatura galega, estaba nunha *champions* con Dylan Thomas e Baudelaire. El non estaba para a enciclopedia galega, el estaba para outra cousa”, sentencia Braxe.



Miguel Mato
Escritor e poeta

“Non era un home de grupo; era, como todos, individualista”

“ ”



Lino Braxe
Poeta e intérprete

“Pereiro non estaba para a enciclopedia galega”

“ ”

O seu carácter, a súa independencia, o seu estilo e a súa estética –tanto literaria como persoal– conseguiron que, na súa propia xeración poética, nacesen varias etiquetas ao seu redor. Quizais, a máis presente naquela época era a de poeta punk. “Lois vivía dunha forma, vivía como quería vivir. Tiña unha estética pola que moitos xa lle colocaban a etiqueta de poeta punk. Pero el era punk como era outras moitas cousas. Para min, Lois era un dandi que seguía a tradición de Lord Byron”, conclúe Mato tentando borrar os tópicos que xa nos oitenta se identificaron con Lois.

Todo ese universo de etiquetas que xurdiron ao seu redor converteron a Lois Pereiro nunha sorte de mito literario contemporáneo. Non obstante, a realidade era que, dalgún xeito, non estaba tan á marxe na estética e na xeración poética da súa época. Compartía inquedanzas cos seus compañeiros pero el, como Manuel Antonio, ía máis alá. ■



ipho! Deseño e Comunicación

Identidade corporativa

Naming
Identidade visual e sensorial
Arquitectura de marca
Imaxe corporativa

Deseño editorial

Publicacións
Comunicación institucional
Comunicación promocional
Publicidade gráfica



Ipoho Deseño e Comunicación. Policarpo Sanz, 22 - 3º dta. 36202 Vigo
T. 986 447 075 / info@ipho.es / www.ipho.es

Comunicación dixital

Páxinas web
Comercio electrónico
Marketing on-line
Edición de vídeo

Espacios

Feiras/Stands
Eventos/Presentacións
Exposicións
Intervencións

Modesta proposición para ler **politicamente** a Lois Pereiro

O mercado das Letras Galegas ábrese para o poeta que “desprezou a indolencia política dos seus pares” nun tempo de obscenidade capitalista

● IAGO MARTÍNEZ

A lectura política de Lois Pereiro está en marcha. Quixo a Academia –a historia– que o mercado das Letras Galegas se abrise para o poeta de Monforte neste tempo de obscenidade capitalista e chamados á revolta. A consigna callou decontado: *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia*, o panfleto que escribira por encarga de Manuel Rivas para a revista *Luzes de Galiza* en 1996, é o noso *Indignádevos!*. Mellor escrito, en galego, e máis eficaz que o libríño de Stéphane Hessel, malia á inxenuidade, o texto vive unha segunda idade nas librarías. Xerais rescatouno das hemerotecas para poñelo en circulación nun volume que se completa con varios artigos dispersos en publicacións dos oitenta.

Foi o poeta e xornalista Daniel Salgado quen ensaiou, a tal hora, a máis política das lecturas de Lois Pereiro. Na introdución á antoloxía que preparou para Galaxia, non por casualidade titulada “Lóbregas figuras do século da febre”, despacha así a posición do poeta no seu contexto: “Trazou unha vía paralela ás tendencias dominantes na literatura do seu tempo, enfrontouse á morte e aos poetas profesoriais, incorporou as tebras postindustriais á súa escrita, desprezou a indolencia política dos seus pares e denunciou a quen pretendían allear o poema do sangue e da carne”.

Modesta proposición era, na súa orixe, a resposta a unha pregunta: e ti de que parte estás? “Da mesma que crin estar sempre”, responde Pereiro. “De parte da Beleza, dos que nos sentimos na obriga de loitar, desde que o mundo é mundo, polo que sempre nos resultou moralmente xusto e evidente”. Na altura na

Modesta proposición e outros ensaios

Lois Pereiro

XERAIS, 2011

12 euros

83 páxinas



que escribiu ese ensaio de título imposible de memorizar, entre *A Modest Proposal* de Jonathan Swift e a *Historia universal da infamia* de Borges, o de Monforte estaba moi enfermo. Así

e todo, regateáballe horas aos médicos para dedicarllas ao seu manifesto. Escribía e escribía, entre o hospital e a súa casa da Coruña, coma se cada páxina fose unha república. “Se as vítimas de antes pretendían ser verdugos á súa vez, ¿de que parte que non sexa a das novas vítimas, dos novos vencidos doutras guerras, podemos estar xa?”.

O lugar dende o que escribe estaba trazado nun poema uns meses antes. Titúlase “Amor e sangue en Chiapas” e vai precedido, en *Poesía última de amor e enfermidade*, dunha reescritura de Octavio Paz: “A Revolución que ven é a de Chiapas, as vítimas maias do principio que se rebelan, regresando a un futuro desexado... Todos somos Marcos! Todos EZLN, nas selvas Lacandonas do que nos foi prohibido!”. O poema dicía así: “Ando á procura dunha ollada súa / que me confirme a fé que teño nela / e avanzo a cegas coa maior firmeza / noutra rebelión xusta que interna / nunha urxente existencia de certezas / para este corazón rebelde e zapatista / obrigado a loitar polo evidente / cunha serea furia / antiga e sabia. / Desde o amor que resiste ó que oprime / con ela por compañía como antes / ou eu só ben armado de nostalgias / deixareime invadir de sangue maia / para que retorne á súa propia terra / ou consiga vivir outras mil vidas / en loita contra o mundo / se é preciso / crebándolle o pescozo / e desviando / á historia do seu curso / xunto coas mesmas vítimas / de sempre”.

‘Lois Pereiro. Obra completa’

Edición bilingüe

Tradución

de Daniel Salgado

LIBROS DEL SILENCIO

24 euros

408 páxinas



Nese poema, datado en xullo de 1995, están os contornos da *Modesta proposición*. A “serea furia” de ascendencia gramsciana: “Intentando equilibrar co voluntarismo do meu optimismo, o pesimismo ó que me leva a razón”. A amarga lucidez de Dürrenmatt: “Sigao a estar de parte (...) dos que nos sentimos obrigados a loitar, desde que o mundo é mundo, polo que sempre nos resultou xusto e evidente”. E a actitude benxaminiana fronte á historia: “¿De que parte que non sexa sempre a das novas vítimas podemos estar xa?”.

Pereiro nada contra a marea e reconstrúe, partindo das lecturas da súa adolescencia en Monforte, a súa propia xenea-





Graffiti que representa o subcomandante Marcos e as siglas do Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN)

loxía política. Inventa, en realidade, unha tradición libertaria imposíbel: Kropotkin, Castelao, Bóveda, Bakunin, Ricardo Mella, CNT-FAI, Engels, Marx, Trotsky, Lenin, Voltaire, Fourier, Lafargue, Ho-Chi-Minh, a I Internacional, a Internacional Situacionista, o simbolismo, Alfred Jarry, Leonard Cohen, Lour Reed, Esquilo, Chekhov, Shakespeare, os aborixes australianos, os chamáns, o rock, Alicia no país das marabillas.

Hai algo de confesión nese ensaio: “Coñezo moi ben a xeografía mental do cinismo imperante, porque o levo asentado en cada célula, alimentadas co máis triste e errado discurso dos meus anos, e podería acudir a el se fose necesario”. Non trata de xustificarse. Non é unha declaración de inocencia, senón todo o contrario. É un incendio. Escribe pra inxectar a paixón da resistencia “no imperio zombie de Microsoft e as autoestradas da información”. Ao cabo, nunca é peor o momento para levantarse de vez. “¿Que tempos serían menos sombríos e fatais para os vencidos, para as vítimas, os oprimidos, os débiles, os nobres, os escravos, os negros deste mundo?”.

A un ano de irse, Lois Pereiro propón tomar partido. Iniciar a sabotaxe. “Canto peores sexan os tempos que vivamos, máis false será esa inxenuidade, menos inocente a indiferencia,

e máis cómplice non comprometerse”. A tal hora, o arco que traza a

súa escrita está a piques de encaixar fatalmente co das súas constantes vitais. Se *Poemas 1981/1991* estaba escrito con follas de afeitar sobre a barbarie, como unha acta da devastación, en *Poesía última de amor e enfermidade* –e en paralelo, nun código diferente, na *Modesta proposición*– o poeta parece acometer a reconstrución. A súa, contra o cinismo e a distancia, e a dos fíos que o unen aos outros, esgazados polo poder. O colectivo. Como naquela carta de Gramsci á súa irmá Grazietta en 1916: “Durante un par de anos vivín fóra do mundo, case coma nun soño. Deixei que se fosen rompendo un a un todos os fíos que me unían ao mundo e aos homes. Vivín exclusivamente para o cerebro sen deixar nada para o corazón”. Amor, resistencia, dinamita. Emancipación. Contra a morte e contra o poder. Como deixou escrito Uxío Novoneyra, “a forza do noso amor non pode ser inútil”. ■



Daniel Salgado
Poeta e xornalista

Todas as festas de mañá

“O QUE IMPORTA É SABER quen manda”, lembra a *Modesta proposición...* que prescribía o coello a Alicia. A escrita de Lois Pereiro tamén indica, entre outros asuntos, quen manda. Como iluminación que abre o significado dun tempo histórico, o poema desaferrola a opacidade da época, retorce o sentido común dominante, explicita correntes subterráneas e desconfía das saídas de emerxencia. Ao cabo Pereiro non foi á guerra e si foi á guerra. E así consta nos seus libros. Vive de prestado encarnando a definición humana segundo Lenin: somos cadáveres de permiso. O corpo é un campo de batalla e o poeta escribe nun campo de batalla. Contra a enfermidade de transitar a descomposición do mundo.

Poemas a xeito de exhibición de atrocidades, entre a descrición da depredación capitalista de James Graham Ballard e a marcialidade xeadá de Joy Division, Lois Pereiro nega a versión amolecida da Galicia posmoderna e os escritores da autonomía. Europa é unha vaca e un campo de concentración, unha paisaxe asollada e o lugar onde a literatura materializa os pesadelos, a Selva Negra e os bosques do Incio. Nunca conciliados, nos seus textos opera unha rebelión existencialista que o irmanda, precisamente, con Rosalía de Castro. De Manuel Antonio aprende a revolta permanente e a vangarda estética como indisociábel do posicionamento político avanzado. Confirmao o seu achegamento ás teses situacionistas, ao surrealismo anterior á Segunda Guerra Mundial e a súa propia xenealoxía intelectual –exposta na *Modesta proposición*: Castelao e Bakunin, Marx e Ho Chi Minh, o socialismo utópico e León Trotsky.

Canda o panfleto co que abre a porta á utopía xusto cando o esboramento do muro de Berlín e o triunfo totalitario do consenso de Washington escurecían os horizontes de emancipación, Pereiro redacta a *Poesía última de amor e enfermidade*. Son poemas extraídos dun modo de produción homicida, dunha era patolóxica en que a intoxicación funciona como síntoma da barbarie colectiva. Arrincadas á carne, revoltadas e co amor como esperanza desesperada, conformadas contra reloxo, as composicións adquiren o tamaño dun testamento biopolítico epocal. Libro único no contexto literario nacional, *Poesía última...* fusiona vida e poema, escribe dos tecidos e dos órganos, postula unha poética das desfeitas do material. Configura un territorio de anxos caídos e desencanto visceral, un desafío ao horror. “O que creo é que sempre sobran palabras e retórica: esa é a miña idea da escrita”, explicarlle a Manuel Rivas en 1995, “e moito máis nesta chea de ruídos e rumores sen sentido. Se alguén pode dicir con dúas palabras o que di con dez, sería un traidor ao pensamento e á linguaxe”. Non había espazo para o luxo na súa escrita, apenas para a humidade e a furia necesaria de todas as festas de mañá. ■

Salgado escolmou e verteu a obra de Pereiro ao castelán



TESOUROS
NOVOS E VELLOS
Alvaro Cunqueiro



OLLOS DE AUGA
Domingo Villar



MEMORIAS
DUN NENO LABREGO
Xosé Neira Vilas

As mellores
LETRAS
GALEGAS



loispereiro.mp3

Unha selección urxente e azarosa dalgunhas músicas populares contemporáneas que están escritas, dun xeito ou outro, no complexo que forman a vida e a obra do poeta

● IAGO MARTÍNEZ

Hai máis, moitas máis, e poderíase ensaiar calquera outra orde. Esta lista de reprodución é parcial, urxente e azarosa. Coma se un activase por un erro a función “Random” do seu reprodutor mp3 e obtivese unha vaga noción das músicas populares contemporáneas que salfiren ese complexo que chamamos “vida e obra” no caso de Lois Pereiro. O poeta, xa o sabemos, escolleu un referente literario para formular fatalmente o seu futuro: Manuel Antonio. Porén, pa-

ra titular o poema que abre o seu primeiro libro escolleu unha canción: “Atrocity Exhibition”, que remite tamén á obra de J. G. Ballard, é un dos cortes de *Closer* (1980), o último álbum de Joy Division antes da morte de Ian Curtis, do que o monfortino tiña na casa unha copia orixinal en vinilo.

Nos versos que publicou na revista *Loia* entre 1975 e 1978 as referencias musicais son especialmente abondosas –Joy Division, The Doors, The Velvet Underground, Erik Satie ou Pink Floyd–, pero non acaba aí ese diálogo.

Pereiro seguirá a invocar discos, cancións, retrousos e mitos da música popular contemporánea

en *Poemas 1981/1991* –amais de Joy Division están, por exemplo, os xermanos D.A.F.–, en *Poesía última de amor e enfermidade* –de Albert Pla aos Beatles– e mesmo na súa presuntamente inacabada *nouvelle*, *Náufragos do paradiso*, onde os personaxes cantan cancións de Johnny Rotten en PiL e os lectores tropezan con referencias a Webern ou Elvis Costello. En *Conversa ultramarina*, o seu testamento litera-

rio, reaparecen

moitas das melodías vinculadas ás súas vivencias e os seus libros. Non deixa de ser un diario, en forma de cartas, onde o poeta anota incluso que música escoita e que cancións recorda. Algunhas prendidas na memoria, outras convertidas en mantras, como “Tengo que volar”, incluída no álbum *Inspiración y locura* (1990) de Pata negra: “Tengo que volar, aunque sólo tenga un ala”. ■

MÚSICA

1. Atrocity Exhibition



CLOSER
JOY DIVISION
1980

A portada de ‘Closer’ impresionara a Piedad R. Cabo cando lla vira a Lois Pereiro na súa casa. Ao cabo dos anos, un dos cortes dese disco, “Atrocity Exhibition”, inspirado tamén na obra homónima de J. G. Ballard, servíralle ao escritor para titular o poema que abre o seu primeiro libro, ‘Poemas 1981/1991’. Con eses versos, presentados baixo un lema distinto, gañara o premio O Facho.

2. Narcisismo



RADIO OCÉANO
1984

O'Leoi Arremecághona, Alexandro González, Manu Clavijo, Fanny + Alexander e o resto dos

músicos que ao longo dos últimos anos puxeron música á poesía de Lois Pereiro están a percorrer de volta un camiño que xa transitaran outros creadores da mesma xeración que Lois Pereiro. Nación Reixa fixérao con “Furia”, por exemplo, pero a aproximación máis emblemática é a de “Narcisismo”. Radio Océano, a banda liderada por Santiago Romero e o irmán do poeta, Xosé Manuel Pereiro, incluíra a adaptación do poema nas sesións de gravación en Lisboa do que ía ser o seu primeiro disco, ‘Nin falta que fai’ (1986). Finalmente, o corte quedou fóra do álbum, pero acabou converténdose nun dos temas máis coñecidos da banda. O autor de ‘Poesía última de amor e enfermidade’ tamén participou na composición doutras letras para o grupo.

3. Fodderstompf

FIRST ISSUE
PUBLIC IMAGE LTD.
1978



Mimsi Foer e Bernal, dous dos protagonistas de ‘Náufragos do paradiso’, cantan “tremando, agresiveando, desafiando” o retrouso da canción de Public Image Ltd (PiL), o proxecto de John Lydon (Johnny Rotten) tras a separación dos Sex Pistols: “We only wanted to be loved!”. Na ‘nouvelle’ de Lois Pereiro comparecen tamén Webern e Elvis Costello a carón de referencias literarias habituais.

4. Lady of the Island

CROSBY, STILLS & NASH
CROSBY, STILLS & NASH
1969



Piedad R. Cabo era para Lois, na adolescencia de ambos en Monforte, a “lady of the island” de Graham Nash. Ou a Suzanne e a Marianne das cancións de Leonard Cohen.

5. Starman

THE RISE AND FALL OF ZIGGY STARDUST AND THE SPIDERS FROM MARS
DAVID BOWIE
1972



No Sésamo, un bar de Monforte que Lois Pereiro e os seus amigos frecuentaban a mediados dos setenta, manexaban discos censurados en España e escoitaban T-Rex, King Crimson, The Doors e The Velvet Underground. A canción que máis recordan, con todo, é “Starman”, de David Bowie, un ‘single’ de 1972 que acabaría integrado no popular ‘Ziggy Stardust’.

6. Perfect Day



TRANSFORMER
LOU REED
1972

A parella que formaron durante anos Piedad R. Cabo e Lois Pereiro discutía adoito por culpa de Volver Underground. Ela, fanática de “All Tomorrow's Parties”, negábase a admitir que na banda neoirquina fose John Cale quen puxese o talento. El, ao cabao, acabaría mudando o guión e traizoando a banda por un dos seus membros: Lou Reed. Segundo os seus amigos, non era “Heroin”, tan conectada ao seu “Narcisismo”, a súa canción favorita, senón “Perfect Day”, tema incluído no ‘Transformer’ de 1972. “Todo foi culpa de Lou Reed”, tense repetido Piedad dende entón para explicar a entrada das drogas, e fatalmente da heroína, na vida do poeta. Fose ou non así, Lois Pereiro mantivo o seu afecto polo músico norteamericano, máis alá daqueles premonitorios versos: “It makes me feel like I'm a man / when I put a spike into my vein”. En ‘Conversa ultramarina’, o seu testamento literario, inédito até 2010 pero escrito en 1995, un ano antes de morrer, o ‘New York’ de Lou Reed aparéceselle de novo durante un paseo pola Coruña.

7. Verschwende deine Jugend



GOLD UND LIEBE
D.A.F.
1981

Asítitula, con esa canción da banda de Düsseldorf, un dos primeiros textos de ‘Poemas 1981/1991’. Durante unha das súas viaxes, camiño de Berlín, pararía na cidade xermana para coñecer o lugar de onde procedía a música dos Deutsch-Amerikanischen Freundschaft.

8. The Needle and the Damage Done



HARVEST
NEIL YOUNG
1972

Neil Young cantáballe aos amigos que lle arrebatara a heroína nesta canción. A Lois Pereiro servíalle para advertir o seu amigo Fernando Saco dos riscos de semellante adicción. Pouco máis tarde, coincidindo co seu envelenamento por aceite de colza, iniciárase el tamén.

9. Waiting for the Sun

MORRISON HOTEL
THE DOORS
1970



A canción de Jim Morrison é unha das referencias musicais que aparecen nos primeiros poemas de Pereiro publicados en ‘Loia’. Tamén Pink Floyd (“Alan's Psychedelic Breakfast”), Erik Satie e Nico (The Velvet Underground).



Sempre hai un motivo polo que brindar.
Nós temos 125.



125 años

Vari Caramés

Ferrol, 1953


Máis de 30 anos detrás das cámaras acreditan a traxectoria de Vari Caramés. Ao longo de todos estes anos, as súas fotografías protagonizaron dúcias de exposicións que o fixeron merecedor de diversos galardóns como o Luis Ksado (2000); o Fotoxornalismo Coruña (2007), o Fundación 10 de marzo (1995) ou a mención honorífica no Salón Internacional de Fotografía de Corea. Ademais, participou en dúcias de exposicións colectivas, en recintos como a Feira Internacional de Arte de Miami (2002), a mostra 'Miradas cómplices' no Centro Galego de Arte Contemporánea (2003) ou en ARCO (2004). Por outra banda, Caramés é o protagonista de varias publicacións, como 'Escenarios' (2007), 'Prohibido fijar carteles' (2003), 'Color' (2000) ou 'Miradoiro Galicia' (2010).



“A pasarela elevada da fotografía convértese nun miradoiro da fugacidade”

Con Lois fascinoume sempre a vida privada das fotografías... Nesta foto conviven dous mundos, dúas persoas, nun mesmo universo. A pasarela elevada convértese nun miradoiro da fugacidade, as liñas brancas do asfalto contrastan coas nosas sombras vendo pasar a vida, tan fugaz, tan fráxil... Liñas que fronteiran dous mundos, ida e volta, arriba e abaixo, enfocado e desenfocado, pasado e futuro... Foi un pracer pasear ao teu carón, contigo, dandi monfortino, espírito

universal, amigo atemporal... Sempre contigo, sempre... Con Lois. E para rematar, un poema de Lois extraído de *Poesía última de amor e enfermidade*: “Tristemente convivo coa túa ausencia/ sobrevivo á distancia que nos nega/ mentres bordeo a fronteira entre dous mundos/ a calma que me esixo para amarte/ sen sufrir pola túa indiferencia/ á miña retirada preventiva/ dunha batalla que xa sei perdida/ resolto a non entrar xamais en ti/ pero non á tortura de evitarte. ■



Nacho Santás



Ourense, 1970

A cámara de Nacho Santás ten retratado de todo un pouco, dende as dunas de Corrubedo ata personaxes do día a día do seu traballo como fotoxornalista en 'El Correo Gallego' e 'Galicia Hoxe'.

É un dos fotógrafos máis recoñecidos de Galicia que cos seus traballos mesmo chegou a ser finalista do prestixioso premio Luis Ksado no ano 2006.

RETRATO

“Lois quedou especialmente satisfeito co brillo da auga sobre a pedra”

A finais de abril de 1996, Lois Pereiro e mais eu quedamos para facer unha reportaxe fotográfica, destinada ás páxinas de *Revista das Letras*, o suplemento cultural de *Galicia Hoxe*. Acompañábame Antón Lopo, que estivo falando uns minutos con Lois antes de que decidiramos onde facer a foto. Eles quedaron para uns días despois, nunha entrevista que a enfermidade de Lois impediu realizar: unha semana despois, ingresaba por última vez no hospital. Morreu o 24 de maio. Aínda así, tivo tempo de ver as fotos: quedou es-

pecialmente satisfeito polo brillo da auga sobre a pedra e a imaxe, dicía el, “case surreal”, de estar sentado nunha cadeira no medio da rúa. Apareceron publicadas postumamente no suplemento *Chineses* de *O Correo Galego*, que tamén coordinaba Lopo, e que serviu de última homenaxe ao poeta monfortino. É curioso como o tempo pode chegar a converter en simbólica unha imaxe que nunca cumpriu o seu obxectivo de servir de soporte a unha entrevista: talvez aí reside a fronteira entre a realidade e a fantasía dos medios. ■

“A Lois Pereiro débesele a cartografía da parte máis escura de todos nós”

O texto que ilustra esta fotografía de Xurxo Lobato é obra de Antón Losada e pertence ao libro *Galegos na escaleira*, de Xurxo Lobato, que foi editado pola Fundación Caixa Galicia en 1995.

“De sempre se dixo que hai dúas clases de persoas: os que falan e os que teñen algo que dicir. Os que falan, fano sen parar, recoñécense entre si e fanse sitio uns aos outros ou pelexan para seguir perorando. Os que teñen algo que dicir adoitan ser tipos calados, se cadra porque cando se teñen as ideas claras non hai moito máis que falar e o que hai que dicir dise rápido. Lois Pereiro fala claro, simple, directo ao fondo máis fondo do corazón, onde xa non quedan máis sitios para acocharse, cando estás *helpless* como dixo Neil Young. Coñecino na Coruña, a forza de compartir unha máquina de escribir pequena de cor crema, nun piso que, de noite ao mirar pola fiestra, parece que esteas en Manhattan. Seu irmán e eu faciamos gamberradas na televisión, il poesía. Eran outros tempos, cando pensamos que se podía cambiar este país armados con revistas, ideas, verbas e verbos, antes desta era de gaitas e paleadoras. Teño collido algún libro da súa man: *Luna Halcón* de Sam Sheppard, falado de cine, logo de ver *Miller's Crossing* dos Cohen, feito algunha viaxe en coche i en álbumes de fotografías dende Monforte á Coruña. Monforte, sempre Monforte, pero Monforte non existe, é un invento dos mon-

Xurxo Lobato



A Coruña, 1956

Estefotógrafoeacadémico da Real Academia Galega de Belas Artes e colaborador de Xornal de Galicia e do diario 'El País' publicou en máis de 40 libros con autores como

Manuel Rivas, e parte da súa obra atópase en museos como o Reina Sofía ou o Marco.

fortinos na emigración. Poeta resistente, case que na clandestinidade, fumador imprudente, camarada da sombra maldita, casual e inxusta da súa mala saúde de ferro, conductor despistado, silencioso cabaleiro, e sempre, desobediente disposto a pagar o prezo da independencia. Coñecer a Lois Pereiro é saber de alguén a quen respetar. Galicia, si é que estás, recorda. A Lois Pereiro débesele a cartografía da parte máis escura de todos nós, a que poucas veces somos quen de ver. Un traballo suxo pero que alguén ten que facer, e agora simplemente transcribo e aprendo: descifrar os húmidos monólogos das cisternas de noite, viaxar polo suburbio de aceiro e quilowatios, escoitar as emisoras árabes na onda media neste abatimento desértico de Europa, cando a alerxia ao mundo desperta transpirarse no narcisismo e a vea que nos acolle tan azul para rezar a *Penetration prayer*: “Pois a demolición / é o ferro que nos arma / celebra a nostalgia / e na ausencia do vicio / conserva o teu odio / condénate / amén”. ■

RATOS



“Quería retratar a súa voz sempre afastada da liña oficial”

Lois Pereiro chamou á porta do meu estudio en 1989 cunha botella de Fanta e o peso do mundo nas mans. Viña posar para a serie *Retrato Autor Retrato*, unha proposta de creación artística na que o protagonista finalizaba o seu propio retrato intervindo sobre a foto e escollía con que elementos que o caracterizaban quería ser fotografado. Fixárame nel moitas veces, silencioso, discreto, sempre procurando mimetizarse co ambiente como un camaleón, por iso quería retratar a súa personalidade sincera, a marginalidade da súa voz afastada sempre da liña oficial. Pedíume permiso para saír fumando. Agora entendo a súa elección en perfecto alemán: “o peso do mundo” de Handke e o “leite negro da aurora” de Celan. ■

Xosé Abad



Figueres, 1956

Desde ofotoxornalismoaté o documental, asúa mirada detense en historias que cre necesario contar: Chiapas, Perú, Guinea ou España, e tamén con traballos como 'Isaac' ou 'O segredo da

Frouxeira'. Deseñou diferentes proxectos como por exemplo 'Revela, Foro Internacional de fotorreportaxe e sociedade'. certame que dirixiu nas súas dúas primeiras edicións. Tamén recibiu varios premios ao longo dos trinta anos que leva co seu propio estudo de fotografía publicitaria e industrial. Foto: Sandra G. Rey.

Un poeta de obra espallada

Antes de publicar a súa primeira obra individual cunha editorial, a carreira poética de Lois Pereiro apareceu nas publicacións periódicas máis importantes da cultura galega dos setenta e oitenta

E

• A. R.

n 1992, Lois Pereiro publicou o seu primeiro libro individual: *Poemas 1981-1991*. Con este título producíase unha dobre estrea. Por unha banda, Xelís de Toro e Francisco Macías abrían a editorial Positivas. Pola outra banda, Pereiro conseguía un obxectivo que perseguía durante anos: chegar ás librerías cun volume que tivese só o seu nome. A pesar deste serodio debut, Pereiro contaba xa cunha longa traxectoria literaria espallada por diversas publicacións ao longo das décadas dos setenta e oitenta.

A revista que publicou os primeiros poemas de Pereiro foi *Loia*. Esta publicación púxo a en marcha a diáspora galega de Madrid dos setenta, na que se incluían, entre outros, Manuel Rivas, Xosé Manuel Pereiro –irmán do poeta–, Menchu Lamas, Fermín Bouza e Antón Patiño. Entre 1975 e 1978 publicáronse catro números desta revista que, co paso do tempo, pasou á historia cultural do país. Nun primeiro número, Pereiro contribuíu –aínda dende Monforte– con cinco poemas iniciáticos: “Conversa con Pablo”, “Alan’s Psychedelic Breakfast”, “Aquele”, “Conspiración contra Lois” e “Encontro con Piedade”. Este feixe de poesías converteuse en 1975 no bautismo público dun Pereiro que pasaría 17 anos publicando os seus versos en revistas e antoloxías poéticas dos oitenta.

Nos números sucesivos de *Loia*, xa instalado en Madrid, publicaría un total de 26 poemas. Todos eses textos foron recollidos pola editorial Espiral Maior en 1997 –un ano despois da súa morte– no libro *Poemas para unha Loia*, e hoxe figuran nas diversas edicións da súa poesía completa.

Nos anos oitenta, outra serie de revistas convertéronse no acubillo da creatividade artística de Lois Pereiro. A máis coñecida era *La Naval*, unha cabeceira que naceu en 1984 na Coruña e que buscaba ser un voceiro do movemento antilastista. Estaba dirixida polo xornalista Suso Iglesias e no seu consello de redacción estaba Lois Pereiro. Con eles estaban o videocreador Jorge Demetrio Rodríguez (PGBllas) e os xornalistas Santiago Romero, José Ángel González e Xosé Manuel Pereiro. Dalgún xeito era unha resposta á vaguesa *Tintimán*. Esta revista resultaba moito máis ambiciosa que *Loia*, pero coincidiu con esta revista, ademais de por compartir algunhas conexións como os irmáns Pereiro ou Antón Patiño, en que ningunha das dúas conseguiu pasar dos catro números. Durante

REVISTAS

o tempo que funcionou, Lois Pereiro encargábase das páxinas literarias. Na revista coruñesa, deixou un pouco de lado a poesía e dedicouse aos artigos e as críticas. Escribiu, entre outras cousas, un artigo sobre os poetas malditos da tradición literaria francesa (“O vicio como luxo”) e perfís literarios sobre dous grandes literatos que sempre tivo como referentes: Thomas Bernhard e Ezra Pound.


La Naval desapareceu en 1986, e Lois Pereiro seguía sen publicar un libro individual. Co grupo De Amor e desamor publicara varios poemas nas dúas antoloxías que se publicaron sobre o grupo, ambas en Edicións do Castro. Por outra banda, as antoloxías da literatura galega que se levaron a cabo nos oitenta –como a editada por César Antonio Molina e Francisco López-Barxas e a de Axeitos sobre poesía erótica– incluíanse varios textos da súa autoría. Non obstante, o libro individual seguía perdido no horizonte dun futuro que tardaba por chegar.

En 1989 e despois de publicar noutras revistas como *Dorna* ou *Trilateral*, Lois Pereiro publica na revista *Das Capital* un relato inspirado no sexto capítulo dunha novela inacabada titulada *Náufragos do Paraíso*. Este texto narrativo vería a luz no seu conxunto despois da súa morte.

A última revista na que Pereiro publicou foi en *Luzes de Galiza*. En 1996, entre ingresos hospitalarios, Manuel Rivas encargalle un texto para a citada publicación. Lois implicase cun escrito que finalmente daría en chamar *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia*. O documento saíu publicado no número 27 de *Luzes de Galiza* e converteuse, nalgún xeito, nun manifesto no que se recollía a visión ideolóxica do monfortino. Hai quen ve neste texto un *Indignádevos!* galego, nacido moito antes do éxito comercial do escritor Stéphane Hessel. ■



Algunhas das páxinas da revista ‘Loia’, que publicou catro números entre 1975 e 1978 e que o Consello da Cultura Galega vén de recuperar nun facsímile. Nesta publicación, Lois Pereiro difundiu as súas primeiras creacións, que a editorial Espiral Maior recollería máis tarde nun libro póstumo, ‘Poemas para unha Loia’ (1997)





Alexandre Cancelo
Cineasta

Lancei un zapato en Berlín

NON SEI COMO CONTAR ISTO. Son tantas as historias que viven neste relato. Non quero contar a vida de Lois Pereiro, adicámolslle xa Iago Martínez e mais eu uns cantos anos. O resultado ata o de agora é unha película, a estrear, e unha biografía, a que Xerais lle publicou a hai unhas semanas. É moi estrano que este 17 de maio estea ao caer, nalgún momento pensei que o tempo ía ser máis indulxente, que ía poder dominar os seus latexos e ralentizalo.

Contra a morte, esa especie de película río na que levamos xa anos metidos, semella non querer rematarse, permanecer como un traballo aberto. E pode que esa sexa a súa verdadeira natureza, pero, sentíndoo, ten que estrearse, valerse por si mesma e deixarnos. Novos proxectos chaman á porta e podo asegurar, pola miña parte, que xa é tempo de que así sexa.

Moitos anos, cinco ou seis con esta teima, e a sensación de que poderíamos seguir outros tantos, quedando de cando en vez para poñernos ao día, facer cambios, darlle a volta, retirar personaxes, rescatar outros. Máis de cen horas de material bruto, que, se botas contas, non é moi complicado, son máis de cen horas mirando unha pantalla, con entrevistas, paisaxes, seguementos, conversas, trens, algúns da Deutsche Bahn. Podo asegurar que hai infinidade de películas dentro desta.

Penso en Raúl na cafetería do Hostal Ponte Romano, pola mañá, agardando para levarnos a Areas, a casa de Pedro. Penso nel porque mentres o equipo se reunía o gravei sentado na barra, esa suma de fotogramas, eses segundos dinme tantas cousas. É certo, os encadres, os xestos, as miradas hipnotizáronnos de tal xeito que pouco a pouco démonos conta de que contar a historia de Lois Pereiro, tirar de fotos, recortes de prensa ou anos sería renunciar a un mundo. E non quixemos renunciar, pero tivemos que negociar.

Proxectamos a película na miña casa hai uns meses, para amigos. Ao rematar desviei o proxector cara a rúa, cara a fachada traseira do Marco, e que impresión. Nun momento xogamos a pensar que pasaría se se puidese escoitar fóra, se un grupo de xente se parase e comezase a seguir o fío. Case inmediatamente comezamos a sentirnos directores sen respostas cun discurso que é un auténtico galimatías, que trata de expresar que namoramos do proceso, da xente que nos saíu ao paso, que perdemos a Pereiro e o atopamos na súa xente. Non é doado de explicar.

Non podo ver esta película como un traballo, si, é parte do meu currículo, non podo negalo, pero é máis parte da miña vida, de xeito integral. Os anos Pereiro, podería chamalos, entre Barcelona, Santiago e Vigo. A película foi un motor que me foi levando, arrastrando tras as súas pegadas. Fíxome coñecer Galicia, a moitísima xente, todo cambiou na súa estela. Pode que non pareza tanto pero tiña 28 anos cando me reunín por primeira vez con Xosé Manuel Pereiro na Coruña. Xa teño 33.

Rompín un par de zapatos en Berlín. Iago e mais eu compartiamos unha habitación nun hotel que daba ao tellado de grava dun aparcamento. Xogamos a ver quen chegaba máis lonxe lanzando un zapato. O avión partía cara a Madrid nunhas horas e aínda non durmíramos. Foi hai dous anos. Pereiro atravesou Berlín perdido, coma nós. Eu lancei o zapato máis lonxe. Fundido. ●

Alexandre Cancelo escribiu e dirixiu o filme documental 'Contra a morte. Unha aproximación a Lois Pereiro'



Á esquerda, portada do primeiro e único disco de Radio Océano, grupo liderado por Xosé Manuel Pereiro e Santiago Romero que adaptou o poema 'Narcisismo'. Sobre estas liñas, páxinas e portadas de varias revistas ás que Lois Pereiro se ligou nos anos oitenta, como 'Trilateral', 'Das Capital' e 'La Naval', na que participaba ademais como membro do consello de redacción dirixido polo xornalista Suso Iglesias

Lois Pereiro publicou no número 27 da revista 'Luzes de Galiza' a súa 'Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infancia'. Ese texto escribiuno nos últimos meses da súa vida



As imaxes da vangarda

As referencias fílmicas na escrita de Pereiro observa unha creba coa relación clásica dos literatos co cine, unha ambiciosa exploración pola veta creativa

● JOSÉ MANUEL SANDE

“Toda arte é miña, e a beleza está aí para admirala; pero todo o que eu ame terá que ser libre para que non morra na miña indiferencia”

Conversa ultramarina

Q

ue teñen en común os cineastas Stephen Dwoskin, David Lean, Hans-Jürgen Syberberg, Adolfo Arrieta, Werner Schroeter, Eric Rohmer, Wim Wenders ou Rainer Werner Fassbinder?

A curiosidade e solidez intelectual de Lois Pereiro, a súa predilección por obras rupturistas ou plurais, suxerentes e persoais, por suxeitos radicais e vocacións periféricas, permite asociar esta serie de nomes. A aparición de referencias fílmicas na súa escrita observa unha creba coa relación clásica mantida por tantos literatos cara ao cine, unha exploración pola veta creativa onde filmes visionarios, cazadores de sensacións, imaxes convulsas, lúdicos divertimentos –a atracción tecnolóxica e James Bond–, sabias estilizacións, contos cheos de vida, dor ou mágoa, amosan as pelexas polo sublime. Home do seu tempo na procura de coñecemento, o singular sincretismo de gustos, a excepcional escolma, a erudición, a ironía incisiva, levan á perda do horror vacuo por relatos non prosaicos, anticipación do derrubo moderno da teoría dos xéneros. O cine memorable non é un derivado estrito da novela e do teatro.

O mozo subscrito a *Fotogramas* e *FilmGuía* que sabía películas de memoria –ás veces sen velas, pisadas da precariedade cultural que ele os seus virían a destronar– concentra e deixa alusións, presenzas, citas, símiles, intercambios, efluvios fílmicos de época. Polos diversos textos e recordos pululan *The Big Sleep*, *El tren de las 3.10*, o toque Lubitsch, a ducha de Psicosis, Catherine Deneuve, Deborah Kerr, Nicholas Ray, os “ionquis avariados” e *Pánico en Needle Park* (1971), a néboa morfontina de *El quinteto de la muerte*, o cru e o humorístico en *La noche del cazador*, o Woody Allen de *Hannah y sus hermanas* –sublimación amable da filiación de Lois ás relacións humanas, como Rohmer– o tributo á súa unitaria produción forma o poema “XXIV (Comedias e proverbios ou un conto moral)” de *Poesía última de amor e enfermidade*, e desde a face amarga, Bergman e Fassbinder–, Pulp fiction, os Coen, Rosa Von Praunheim –“Rosa intransigente co poder”, en *Loia*–, *La sal de la tierra*, o cine negro, o expresionismo, Alemaña, o cartel de *Cabeza borradora*, as conexións cine-literatura en *San Francisco*,

ciudad desnuda e ata unha visión (posible) de Greta Garbo paseando por París.

Porén, as súas estadías en Madrid, coincidentes co fluxo liberador de imaxes da transición a través da entrada en España de títulos esixentes antes vedados, serán as que lle sirvan tanto de iniciación como de sutil influxo. As visitas á entón Filmoteca Nacional, entre 1975 e 1981, facilitan unha visión ampla do cine que se fai (e fixera) no mundo, con ciclos sobre Garrel, Akerman, Eustache, Dreyer, Hitchcock, Kramer, Lang, Hanoun, Portabella, Oliveira, irmáns Marx, Renoir, Murnau, Ozu, Rossellini, Ruiz, Rohmer, Ophuls, Berlanga, von Sternberg, Wiseman, Sirk ou Duras.

Seducido por un cineasta independente, Stephen Dwoskin (Nova York, 1939), director do que a filmoteca celebra oito sesións –coa súa presenza en decembro de 1976–, o paralelismo que se traza coa posterior figura doente do propio Lois –Dwoskin exiliado en Europa, aqueixado desde cativo de poliomielite– ten a súa consagración no paroxismo magnético do filme de culto *Dyn Amo* (1972), ao que Pereiro dedica o poema “Dyn-Amo I Steve Dwoskin” (*Loia*, número 3), peza que crece e orixina “Dyan-Amo e Steve Dwoskin aos 30 anos” (*Poesías 1981/1991*). Non deixa de sorprenden a fascinación que desprenden as súas imaxes, longas variacións sobre o *strip-tease* feminino nun escenario único que remata, coa tortura como epicentro, en pavoroso *tableaux* autoconsciente, *peep show* musicado, auténtica subversión das procuras do cine pornográfico e da submisión teatral. A serialidade, os efectos de representación, a perturbación da brutalidade masculina, a busca de ritmos e impresións, o emprego dun son cativador constrúen un crescendo narrativo de deliberada ambigüidade, xerme dun horror sensitivo –imperceptible, interminable– carente de verbo, relato de atmosfera e texturas que alcanza “coa única forza das súas propias mans / e o poder que posúe quen descobre a verdade”.

A Wenders, emblema da conciencia interior cos seus “xestos e pausas sublimes”, tribútalle outro poema, “¿Quen?” (*Poesías 1981/1991*). *Breve encuentro* (1945) de David Lean, dá lugar a outra asociación, “IV (Breve encontro)” (*Poesía última de amor e enfermidade*). O clásico británico comparte a paixón de Pereiro “polas idas e vidas dos que viaxan”, os ferrocarriís e o amor, a fugacidade, a incomunicación e a fuxida dos afectos.

Radiografía do abismo

Antón Patiño

ESPIRAL MAIOR, 2010

14 euros

200 páxinas



Lois Pereiro. Fotobiografía sonora

OUVIRMOS, 2011

44 euros

174 páxinas + 2 CD

Tradutor para a TVG, autor do guión *¿Qué é Galicia?*, actor na videocreación *Valle delá-grimas* (1986), Pereiro pasa agora a suxeito fílmico póstumo.

No ano 2008 puiden ver un proxecto –avanzado– de película sobre el, *Contra a morte*. Elaborado por Alexandre Cancelo e Iago Martínez, unha comisión de axudas valoraría de xeito laudatorio a mestura de metanarración e *biopic* rupturista contidas, embrión dunha estirpe de traballos culturais inexistente nun lugar onde ficción e non ficción seguen escindidas. Meses despois, o Día das Letras Galegas de 2009, un acto na Casa das Atochas consentiu entrever os primeiros e estimulantes resultados.

Os autores comezaran unha viaxe sen retorno na procura de Lois Pereiro e o proxecto xa semellaba o que ía ser: a morte da biografía tradicional, cantiga de escarnio e informe de danos, sensata síntese dos restos dun naufragio, o mundo de descubertas e transgresións que desmonta a progresía oficial. Traslucindo preocupacións e desexos comúns de modo fluído, emotivo, tamén catártico, comunícase a sabedoría aferrada á vida que infundía Pereiro.

A inserción do proceso de construción enriquece o resultado. Non hai espello deformante, desprende autenticidade –as pezas performativas intégranse: cadran vangarda sonora e poesía–, e os entrevistados reciben un tratamento respectuoso. O equilibrio necesario para un robusto *biopic*, mestura de retrato individual, contextos e dispositivo formal, aparece conseguido. As primeiras verbas de Pereiro, en Berlín, resultan estarrecedoras, ese “Que a vida non me sorprende xamais desprevénido, calado e neutral” obtén o clímax do filme. A versión que alcancei a ver resulta depurada, intensa, coa incorporación pertinente dun vídeo de Lois (*A elocuencia dos cemiterios*, 1987) na necrópole de San Amaro. É a única imaxe súa e posúe evocación, misterio, nada espectral senón vitalista, o que enlaza co seu legado.

Non remata aquí a historia. O filme colectivo en proceso sobre a Casa das Atochas contén un segmento Pereiro; Xurxo Souto e Fran Amil veñen de realizar outro. En tempos de crimes económicos, celebración da morte e pornografía emocional, a pantasma da lucidez resucita con forza, volve para artellar unha rebeldía definitiva, revolución viva ou confrontación sen fin. Contra a morte. ■

As súas estadías en Madrid, coincidentes co fluxo liberador de imaxes da transición a través da entrada e de títulos antes vedados, serviranlle de iniciación e de influxo

CINE



O poeta, en Valdeorras, en 1975

Furia, rabia, desexo, dor...



Antón Patiño
Pintor e escritor

COMA SE BOTASE MAN DUN VOCABULARIO, a poesía de Lois Pereiro reflicte a intensidade da paixón, a ruta do desacougo. Ten unha ferinte autenticidade que lle permite establecer unha comunicación instantánea. O que se achega á súa poesía ten moitas probabilidades de ficar apreixado para sempre na sutil arañeira de palabras magnéticas que o poeta foi tecendo de xeito depurado. Por iso o poeta de “A final pel dun virus” ten unha boa mancha de incondicionais.

Andou sempre á procura da palabra exacta –*le mot juste*–. Cada verso é un senlleiro precipitado das emocións segredas. Alquimia do desexo, furia da señardade. Latexa sublimado como na mellor poesía o cerne da emoción humana convocada nos momentos límite.

Escrita que ten a fasquía dun estilizado diario, os poemas debullan un itinerario vital coas luces e sombras de toda existencia. Elaboradas imaxes poéticas esguías han dar conta xa dende as entregas iniciais da revista *Loia* –que faciamos xuntos en Madrid– dun fondo misterio sen fin, na alegoría de anxeios e suxestivos pesadelos. Existen xa nesa altura versos premonitorios –“Conspiración contra Lois”–. Nalgunha das ilustracións que fixen daquela para os seus poemas mozos tiveron de incorporar a rotunda tatuaxe da palabra morte acompañada dunha chea de caveiras. Xa naqueles seus poemas está o mapa enteiro da súa obra. Sorprende o seu grao de madurez. A solemnidade enigmática coa que vai expresando o seu mundo –feito da aleación do romanticismo simbolista,

sombra do malditismo, crúo latexo expresionista, utópica tensión libertaria e mais desasosego anímico–. Ingredientes como vemos que ían definir toda a súa traxectoria. Existe unha fermosa edición de *Poemas para unha loia* en Espiral Maior –acompañada do seu crucial manifesto poético-ideolóxico, “Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia”–.

No libro primeiro que editou en Positivas, a escolma poética de moitos anos de labor, recolle os poemas posteriores a *Loia*. Unha escrita onde as viaxes e mais a aventura vital están presentes. O amor, o desexo, a ruta aberta dos sentidos configura unha mestura entre mundo interior e mais a fascinación pola paisaxe urbana, o cinema, a música, o territorio da literatura como hábitat de seu.

Moi distinto é o segundo libro. O seu definitivo legado. Unha obra mestra de vontade universal. Un cumio na literatura da dor. Fixo un senlleiro ritual coa sublimación trágica do seu corpo mancado. As feridas psíquicas, os remorsos, o inventario das avarías do corpo nunha autoanálise dos danos físicos e mentais. Unha mensaxe estarrecedora a que envía neste seu libro marcado pola fatalidade. Onde tracexa mesmo o vieiro ingrátido dunha resurrección nas mans entrelazadas dunha solidariedade infinita. A constelación do afecto. “Elas” acudiron en axuda aquel ser entrañábel, alma solitaria que transportou con valentía o *ennui*, fixo un emblema do *spleen* como atmosfera interior dunha harmonía paradoxal. Monumento á

ledicia da tristura. Camiñou polo gume da navalla. Fixo un xardín con follas de afeitar. Agroman os episodios doentes neste seu segundo libro, feito co tremor das palabras coma expresión do sentimento espido.

“Náufragos do paradiso” é unha porta xiratoria cara ao cerne do abismo. Cada capítulo é un mesto percorrido claustrofóbico –cara a unha catástrofe inminente–. Pechado en si mesmo. Universo sen saída onde as personaxes establecen diálogos intersticiais, ocos no aire, palabras como interrogantes. Duras descrições onde aboian fendas psicolóxicas. Configura toda a novela un *loop*, un bucle envolvente na brétema dunha ansiedade infinda. Enganchados á incerteza. Personaxes que avanza polas ruelas lisérxicas dun paraíso pechado que conclúe coa abrupta desaparición da escena de Bernal.

Furia-raiba-desexo-dor: o anxeio do adolescente constrúe un compacto programa da sabotaxe contra o terror da sociedade administrada. Erotismo da mutación. Crebas insomnes e simas emocionais fronte ao baleiro do desamor. Lóstregos poéticos como frases ateigadas de vértice. Remuíños trepidantes coma versos clausurados, telegramas dende/cara ao alén coma poemas vivos. Lois Pereiro foi quen de situar a súa escrita no epicentro da mutación, por iso segue a ser tan radicalmente moderno. ●

Antón Patiño, cofundador da revista ‘Loia’, publicou en Espiral Maior ‘Lois Pereiro. Radiografía do abismo’

O monstro oximorónico e 'Náufragos do paradiso'

A prosa de ficción de Lois Pereiro é unha das máis altas consumacións do que Flaubert soñou para a novela do século XX: "Un libro sen ataduras"

● J. LUÍS CALVO / CARLOS GEGÚNDEZ

En 1852, nunha carta a Louise Colet, Gustave Flaubert nun profundo exercicio de imaxinación formulou como sería a novela no século XX: "Un libro sen ataduras que se sosteña por si mesmo, pola forza interior do seu estilo (...), un libro que case non tería tema... así será a novela no século XX". Semella evidente que, ao falar dunha novela sen ataduras, Flaubert pensaba nas posibilidades que ofrecería unha narrativa aberta, libre, coa vontade de anovar o discurso prosístico, unha narrativa que se enxendrara a si mesma como unha crítica da linguaxe e das fontes literarias recibidas.

En efecto, *Náufragos do Paradiso*, novela inconclusa, pero non incompleta, como afirma Xosé Manuel Pereiro, e que veu a luz no número 28 de *Luzes de Galiza*, revélase coma un meridiano exemplo actual da narrativa sen ataduras. Así, os oito capítulos que arman este artefacto narrativo, segundo avanzamos na súa lectura, achéganse cada vez máis ao eido da poesía até facerse en ocasións indistinguíbel dela. Por exemplo, no terceiro capítulo, podemos ler literalmente: "As formas que nadaban no café-leite, na superficie ó darlle voltas: remuíños de galaxias pardas, dibuxos caprichosos formando amebas en madeiras líquidas. Concentrándose nos pensamentos máis concretos, nos pequenos refuxios da mente recollidos ca punta das agullas sensíbeis, na súpeta sombra da rupción das sensacións acumuladas: ríos e ríos de emocións perdidas pouco a pouco nas grandes estruturas".

Non podemos esquecer que Lois Pereiro é substancialmente poeta, e nesta *nouvelle* non só emprega o ritmo, a metáfora, as estruturas paralelísticas, senón que a súa escrita fica fundamentalmente irmandada ao pensamento sintético-analóxico, á idea de aventura órfica e ao espírito de rastrexo verbal que caracteriza en grande medida a poesía moderna.

En efecto, se a poesía deixou, por outra banda, a forma exterior narrativa que era in illo tempore a miúdo a súa, non era para esgotarse

na intransitividade e nos seus reclamos, que fracasaron no século XX, dende a poesía pura dos anos 20 até o neomallarmeísmo dos anos 70, senón para descubrir a súa propia narrativa, a cal non está necesariamente asociada á lonxitude do texto, xa que pode estar igualmente presente na concentración radical, como o haiku xaponés ou en certos poemas breves de Celan ou de Novoneyra.

Cada vez, o acontecemento prodúcese no espazo reducido do texto, unha especie de pequeno drama que, en lugar de conducirnos ao desenlace agardado, detense de súpeto, anula a palabra final, deixando o lector ao bordo dun suspense enigmático: o do presente na súa aparición. Así, por exemplo, o dito concéntrase neste fragmento case final que figura no capítulo oitavo: "Dealongando no posible a súa derrota certa, a reconciliación coa súa debilidade e a memoria, debía eternizar cada momento, e dividir o noxo que sentía e no seu interior en celas separadas sen contacto unhas con outras. Tamén o medo é un virus; e para non contaxiar o que aínda había de san no seu espírito tería que executar un ritmo íntimo que desinfectase as partes afectadas da súa mente...".

En realidade, nesta novela de Lois Pereiro estamos a asistir á destrución dos xéneros literarios tradicionais, unha destrución que de feito comezou co romanticismo alemán cunha crise de normatividade, e que tivo como resultado, entre outras cousas, o que Beaujour chamou o monstro oximorónico, isto é, o poema en prosa. Deste xeito, *Náufragos do paradiso* pode ser ollada como un vasto, inmenso, monstruoso artefacto de poemas en prosa. Un exercicio de transgresión, quebrantamento, violación.

Lois Pereiro escribiu, ao noso entender, en *Náufragos do paradiso*, ou, por exemplo, nalgúns dos seus artigos, algunhas das máis fermosas e atroces páxinas deste carácter na literatura galega contemporánea. Que outra cousa é, por exemplo, *O frío edificado*, artigo



PROSA

A novela inconclusa de Lois Pereiro, que non incompleta, publicada en 'Luzes de Galiza', revélase coma un meridiano exemplo actual da narrativa sen ataduras

Neste libro do monfortino estamos a asistir á destrución dos xéneros literarios tradicionais, nun proceso que comezou de feito co romanticismo alemán

que publicou no número un da revista

La Naval en marzo de 1985? Non son determinados fragmentos de *Náufragos do paradiso* singulares poemas irónicos e críticos coa sociedade actual? Lembremos as palabras coas que Antón Patiño define a proposta radical coa que Lois Pereiro se introduce no eido da novela: "Trátase loxicamente de prosa de poeta". Prosa coidada. Prosa que, partindo do cuestionamento dos xéneros literarios clásicos, atraca nunha xeografía descoñecida para acadar unha plena disolución das categorías e convencións literarias herdadas e erixir unha escrita alén dos xéneros mesmos.

A complexa trama de *Náufragos do paradiso* céntrase nas figuras espectrais dunhas personaxes —Aián, Bernal, Lisiana, Mimsi...— que conflúen nun espazo compartido e atroz e que intercambian lembranzas e se mesturan uns cos outros. Trátase, como apunta Antón Patiño, de "seres solitarios que comparten illamento e medo, nunha metamorfose que figura avanzar cara á fatalidade aínda meirande". Isto insufla no relato unha dimensión de ultratumba, isto é, respirar entre sombras é un xeito de ficar acubillado nunha intimidade espida, de ficar en un mesmo. O feito de nomear sombras é, se cadra, o xeito idóneo de tentar fuxir da soidade. Este rotundo pesimismo achégao a un dos seus maiores referentes: Thomas Bernhard, o "espírito



Piedad R. Cabo e Lois Pereiro posan diante do muro de Berlín en 1983

irmán". En efecto, o nome do protagonista, Bernal, se cadra, pretende ser unha explícita homenaxe a Bernhard –véxase o parecido lingüístico entre o nome do protagonista, Bernal, e o apelido do escritor austríaco, Bernhard–. Como escribe Patiño, coincide con Bernhard na construción barroca da frase; na descrición laberíntica dun pesadelo sen saída; no universo introvertido ateigado dun dramatismo hermético; ou nun profundo pesimismo reflectido nunha extrema intensidade atormentada. Resulta evidente que os dous escritores teñen unha forte querenza polos “clásicos do pesimismo”, especialmente por Schopenhauer e Pascal, e que nas súas escritas acampa un pesimismo radical que acada o seu punto máximo nun estadio caracterizado pola ausencia de esperanza. Dita ausencia vén dunha terrífica realidade vital –contaxio, enfermidade, a sombra da morte...– onde, como escribiu Gamoneda, “el sufrimiento / es la medida de los hombres”.

En definitiva, *Náufragos do paradiso* é un dos máis significativos exemplos na literatura galega desa vocación de síntese, desa destrución dos parámetros clásicos da narrativa que defendeu a modernidade literaria. “Prosa en acción e non en relato”, diría Pasternak. En efecto, inaugura unha xeografía incandescente, unha xeografía onde se deixa atrás a diferenciación dos xéneros, creando,

nese sentido, unha escrita que finalmente os anula. Pereiro mostrouno ao liberar a narrativa de ficción do clixé do xénero e lévaa, non sen riscos, a unha zona alén dos límites na que a escrita, xa sen óbices impostos polos parámetros históricos da narrativa, inaugura as súas orixinais leis xerativas e, como soñaba Flaubert, abrolla cunha forza vesubia que semella manterse por si mesma, ao tempo que nos dá unha importante lección de humanidade e coñecemento, ás veces, nun acto sen palabras: “Na hora en que a noite xea nas entranas doutro día que se forma, Minsie Bernal nun coche, cobertos dunha fina capa de sono e autoodio as tres da mañá co silencio do motor en frío. (...) En silencio, os dous calados, chovía fóra. E tiñan a sensación de se atopar nun límite antinatural estrano e leña coma nun soño que se forma sen ver”. Eis unha das máis altas consumacións do soño de Flaubert. ■



‘Náufragos do paradiso’

Lois Pereiro

GALAXIA, 2011

11 euros

108 páxinas



‘O negro leite da aurora’

J. Luís Calvo

e Carlos

Gegúndez

TOXOSOUTOS, 2011

14 euros

200 páxinas



Antón Reixa

Escritor, músico e intelectual

Se García Sabell levántase a cabeza

É MOITA A INFORMACIÓN que se puxo en circulación este ano a propósito de Lois Pereiro. Se cadra, por iso, permítaseme unha breve reflexión sobre a propia efeméride e a decisión da Real Academia Galega (RAG) respecto á designación da figura protagonista das Letras Galegas 2011. Ten xustificación a certa estrañeza que a decisión puido xerar nalgúns sectores da opinión pública. En vida, a figura e a obra de Lois non foron moi divulgadas. Porén, hai malicia e reaccionarismo nas voces que declaradamente mostraron a súa hostilidade invocando o “tamaño” da obra de Pereiro. Habería que lembrarlles que algún ano foi adicado a figuras case enigmáticas como o arcebispo Lago González.

Antes de 2011, Lois obedecía paradigmaticamente ao esquema de autor de culto. A singularidade da súa obra respecto aos seus propios coetáneos ou a evidencia das dificultades que tivo en vida para atopar editorial cimentaron ese círculo. Fronte a todo iso, o que temos agora, no cénit da celebración, é a constatación de que poucas veces as Letras Galegas tiveron tanta repercusión entre os lectores máis novos e case nunca se procedeu a unha “organización” tan acaída de edición de libros do autor e sobre o autor. Especialmente emblemáticos son feitos como as referencias a Lois e o ano nunha publicación como *Rockdelux* ou a proliferación de grafiti en todo o país.

Afortunadamente a RAG dispón dunha nómina importante de figuras ás que adicarlles o Día das Letras. Velaí a solidez dun sistema cultural, pero, posiblemente, ningunha tan peculiar e insólita como Lois. Non é fácil identificar a alguén que non teña vinculación ningunha coa filoloxía e o ensino ou que non obedeza ao tópico de intelectual polivalente. E iso era relevante politicamente nun ano tan complexo para a normalización do idioma. Imaxinemos o inoportuno que terían sido figuras –insignes, si– pero con perfís como os de Carballo Calero, que dedicou o último tramo da súa vida a ser especialmente crítico coa estandarización do idioma, ou filólogos como Filgueira, que, a nada que se afondase na súa biografía, abroiarían as súas simpatías franquistas ou a súa responsabilidade en que a celulosa se instalase na ría de Pontevedra.

Lois foi radicalmente un artista que abordou coa maior naturalidade o feito de asumir o galego como lingua literaria en coherencia coa súa vida cotiá e coa súa modernidade. E foi artista e poeta ata nos seus escritos ensaísticos de maior compromiso ético e civil, coa particularidade de non ubicarse nos ámbitos ideolóxicos habituais no galeguismo cultural.

Quédanme os hipercríticos que invocan saturación e inflación sobre a figura e a obra de Lois pereiro. Malo sería que a mercadotecnia dunha efeméride así non tivese esa consecuencia que non deixa de ser parella a que o mínimo coñecemento da poesía de Lois produce unha síndrome de abstinencia que che fai desexar máis e máis.

Debemos valorar aquilo no que efectivamente avanzamos, a pesar desta depresión que asolaga a vida social e cultural de Galicia. Por iso, se García Sabell –presidente da RAG no seu momento e que, aínda que algo bo tería don Domingo, representou a faciana máis rancia da institución– levántase a cabeza escandalizaríase desta Academia presidida por Ferrín, que lle planta recursos á Xunta de Feijóo e que lle dedica as Letras Galegas a un punkie sensible e ilustrado. ●

Antón Reixa é o autor de ‘Mundo Lois’, un espectáculo teatral inspirado na súa obra.

17 de maio

Suplemento das Letras Galegas. Xornal de Galicia, 15 de maio de 2011

Directora en funcións: María M. Val
Coordinador: Iago Martínez **Deseño:** María Sabarís
Maquetación: Iria Gianonatti e Silvia Cancela
Traballo e ideas: Alberto Ramos, Bárbara G. Vilarinho, José Manuel Sande, José Luis Calvo, Carlos Gegúndez, Héctor J. Pena
Agradecementos: Xosé Manuel Pereiro
Redacción: Rúa Galileo Galilei, 4B Polígono Industrial A Grela.
15008 A Coruña **Teléfono:** 981100650
contexto@xornaldegalicia.com

1019